

cultura

Pode visitarse no Museo provincial unha exposición con obras do Reina Sofía. **Páx. 7**

sociedade

A morte do concelleiro Pablo Permuy obriga a unha reorganización do Goberno local. **Páx. 13**

infraestruturas

A estación de autobuses da Intermodal estará lista antes de fin do 2026. **Páx. 18**

zona rural

O Concello acomete as obras de reafirmado de vías en Castelo de Abaixo. **Páx. 21**

deportes

Lugo prepárase para o Rally San Froilán, no que haberá un tramo por Samos. **Páx. 30**

Chega o San Froilán, a Festa do Outono Galego



Lugo será a capital do cine galego

A cidade será sede da próxima gala dos Premios Mestre Galego do ano 2026. **Páx. 6**

Análise do uso do galego nos cemiterios

O estudos advirten una presenza crecente da lingua nas inscricións funerarias. **Páx. 14**

Avanza o Centro de Innovación Territorial

Goberno e Deputación firmaron o convenio que traerá esta instalación á provincia. **Páx. 29**

Pablo Rico Echegaray




Presidente da Federación Coral Galega e director de 8 coros. **Páx. 8**

Mes do Alzheimer



Entrevista á coordinadora de Afalu, Iria Franco. **Páx. 12**

Nicolás Martínez



Logra o título mundial de piragüismo logo de superar un cancro. **Páx. 31**

EXCLUSIVIDAD
para la **SALUD**
de tu **SONRISA**

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Problemas de Oclusión y Función
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

982 22 58 70 • 659 44 05 13
info@ortodonciafigueiras.es

Rúa Camilo José Cela 13, Local 1, 27002 Lugo
(Pza. de Augas Ferreiras, esq. Rúa Cántigas e Frores)

¡Ortodoncia todos los días!

Lunes, miércoles y jueves:
12:00 a 20:00 h
Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

LUGO

Preto de 200 actividades nas festas

A programación inclúe máis de 100 concertos, espectáculos infantís, feiras artesás e actos tradicionais, co protagonismo de artistas e agrupacións lucenses, conxugando a tradición e a modernidade na xa coñecida como “a festa do outono galego”

O programa do San Froilán, que se celebrará do 4 ao 12 de outubro en Lugo, combina tradición, cultura e música de primeiro nivel, cun total de preto de 200 actividades pensadas para todos os públicos. Entre elas, máis de 100 serán concertos nos que participarán tanto artistas recoñecidos a nivel galego e internacional como máis de 50 agrupacións locais. Destacan actuacións de Tanxugueiras, Xoel López, Cristina Branco, Guadi Galego, Uxía, El Consorcio, Dakidarría, Pony Pisador, Queralta Lahoz, Lucía Pérez ou Lía Kali, entre outros, ofrecendo un escaparate para a música feita en Lugo xunto a referentes nacionais e internacionais. A programación mantén un firme compromiso coa tradición galega, incluíndo o Desfile do Gando, o XXII Festival de Cultura Tradicional de Cántigas e Frores, a XXVII Mostra

de Música Tradicional Galega do Domingo das Mozas e a 53ª edición do Desfile do Traxe Galego. Para os máis pequenos, o San Froilán Miúdo contará con espectáculos de circo, maxia, xogos e obradoiros nas rúas da cidade e na carpa do Seminario, con compañías como Paporrubio, La Finestra, Troula, Teatro ao Cubo ou Ghazafellos. O programa complétase con Expo-lugo, que exhibirá razas autóctonas galegas, feiras artesás, de mel, de olería e antigüidades, actividades deportivas e verbenas que percorreren a cidade. Segundo a concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, “o San Froilán é a festa máis importante do outono galego, unha celebración aberta, diversa e participativa que mestura tradición e modernidade e sitúa Lugo como epicentro cultural de Galicia”.



SÁBADO 4

- **10.00 h.** XXXII Feira do Mel. Praza da Soidade. Cata de mel ás 12h. Obradoiro de globoflexia das 17h ás 20h.
- **10.00 h.** III Feira de Olería Lugo Tradicional (FOLT) na praza Santo Domingo. Inauguración o día 3 ás 12h. Horario; das 10 ás 21h.
- **11.00 h.** San Froilán Tecedeiro no parque Rosalía de Castro. Mostra artesanal e obradoiro de construción de varias pezas artísticas con materiais autóctonos con Corazóns Artesáns. (Ata as 13.30h).
- **11.00 h.** EXPOLUGO. Exposición de razas autóctonas da Galiza; Das 10:00 ás 20:00 h na carpa xunto ao Vello Cárcere.
- **11.00 h.** Feira de antigüidades e coleccionismo na rúa da Raiña. Todo o día.
- **12.00 h.** Pregón a cargo de Mª Cris-

- tina Lombao Ramos no balcón da Casa do Concello.
- **12.30 h.** Os Pelúdez entre nós + Xigantes e Cabezudos + Cántigas e Frores no pregón, praza Maior, Campo Castelo, rúa San Pedro, Progreso e Raiña.
- **13.00 h.** Verbena coa orquestra NE-VERLOURA na Mosqueira.
- **17.00 h.** San Froilán Tecedeiro no parque Rosalía de Castro. Mostra artesanal e obradoiro de construción de varias pezas artísticas. (Ata as 20.00h).
- **17.00 h.** SOUNDSYSTEM NO CAMIÑO con obradoiros, exposicións e as actuacións de WANDEM SOUNDSYSTEM + PINTEGA SISTEMA DE SON + DUB MONO HIFI + DUB IN SOUL, no Pazo De Feiras até ás

- 05.00h.
- **18.30 h.** Actuación de CLAUSTRO MÚSICA no templete da praza Maior.
- **19.00 h.** XX SANFROIDANCE coas actuacións de OZETAK + FONKI CHEFF + KR-ON + VILOUTA + PAYBALL + FER MESA + BEATMAC, na praza da Mosqueira das 19h ás 01.30h.
- **20.00 h.** Pasarrúas de A Volta do Agro pola Tinería, rúa Nova e praza da Soidade.
- **21.00 h.** Concerto de LUCÍA PÉREZ na praza Santa María.
- **21.30 h.** Pasarrúas con MEKANIKA ROLLING BAND por Recatelo, praza Maior e Campo Castelo.
- **22.00 h.** Concerto de TANXUGUEIRAS na praza Horta do Seminario.

- Ás 21.00h Teloneiros: Diego Flâneur & Ünder.
- **23.30 h.** Concerto de DAKÍDARRIA na praza Santa María.
- **01.00 h.** FESTICULTORES TROUPE na praza Santa María.

DOMINGO 5 (San Froilán)

- **10.00 h.** XXXII Feira do Mel. Praza da Soidade. Obradoiro de velas das 12h ás 14h.
- **10.00 h.** III Feira de Olería Lugo Tradicional (FOLT) na praza Santo Domingo (frente á Praza de Abastos). Horario; das 10 ás 19h.
- **11.00 h.** EXPOLUGO. Exposición de razas autóctonas da Galiza; Das 10:00 ás 14:30 h na carpa xunto ao

- Vello Cárcere.
- **11.00 h.** San Froilán Tecedeiro no parque Rosalía de Castro. Das 11.00h ás 13.30h.
- **11.00 h.** Feira de antigüidades e coleccionismo na rúa da Raiña. Todo o día.
- **12.00 h.** Ofrenda da Corporación municipal a San Froilán, na Catedral de Lugo.
- **12.00 h.** Pasarrúas de Os Picurru-chos pola rúa Quiroga Ballesteros, praza de Santo Domingo e praza da Soidade.
- **12.00 h.** Pasarrúas de Caivanca pola rúa Nova, Tinería e praza da Soidade.
- **12.00 h.** Pasarrúas de Cántigas e Frores pola rúa Camiño Real e praza da Milagrosa.
- **12.00 h.** Pasarrúas de Foliada de Bosen-de por Recatelo e Recinto Feiral.

●

●

●

●

UNIVERSIDAD

Grado en:

ROBÓTICA

Matemáticas I, II y III

Estadística

Física I y II

BIOQUÍMICA

Matemáticas

Física

Química general e inorgánica

Química - Física I

Bioestadística

ENX. AGRÍCOLA

ENX. FORESTAL

Matemáticas I, II y III

Estadística

Física I y II

ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND.

Matemáticas I y II

Física I y II

Métodos Estadísticos

ENXEÑARÍA CIVIL

Matemáticas I, II y III

Estadística

Física I y II

PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA

PAU

(Antigua selectividad)

BAC - E.S.O.

ACCESO CICLOS

Matemáticas - Física

Química - Lengua - Gallego

Inglés - Latín - Griego

Historia - Filosofía

Biología - Geología

Geografía

Historia del Arte

j.m.rivas

ACADEMIA

ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS

ATENCIÓN PERSONALIZADA

GRUPOS REDUCIDOS

Preparación específica para subir nota en ABAU

QR CODE

C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22

jmrivas.es

- **13.00 h.** Verbena coa orquestra SUAVECITO, sesión vermut, tarde e DJ Casanova ata ás 0.00h, na praza de Augas Férreas.
- **13.00 h.** Concerto da BANDA FILHARMÓNICA DE LUGO + BANDA DE MÚSICA DE VILALBA na praza de Santa María.
- **13.00 h.** Concerto de MOCHO GRIS na praza da Mosqueira.
- **12.30 e 17.30 h.** Espectáculo itinerante PILOTS de La Finestra. Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.
- **13.00 h.** O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO coa actuación "50 (1975-2025)" na praza do Castiñeiro.
- **13.30 h.** XIII Desfile de Gando tradicional do San Froilán. Coa actuación de Reviravolta e Os Pelúdez entre nós.
- **17.00 h.** San Froilán Tecedeiro no parque Rosalía de Castro. (Das 17.00h ás 20.00h).
- **17.30 h.** Os Pelúdez no Cemiterio San Froilán. Visita guiada polo cemiterio da man de Os Pelúdez
- **18.00 h.** O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO coa actuación "50 (1975-2025)" na praza do Castiñeiro. Pases ás 18.00, 19.30 e 21.00h.
- **18.00 h.** IX Concurso MISS DEUSA co Colectivo ALAS na praza da Mosqueira.
- **19.00 h.** Verbena galega d'antes. Ás 19h, chegada das merendas, gaiteros e figurantes, ás 19.30h comezo da verbena coa actuación de Airiños da Freba e bailador@s de Oxeito, ata ás 21h na praza Maior (Quiosco da música).
- **20.00 h.** Pasarrúas de Airiños de Orbazai pola rúa Rafael de Vega, Montero Ríos, Paxariños e Ramón Montenegro.
- **20.00 h.** Pasarrúas de Bloco Meigallo pola Tinería, rúa Nova e praza da Soidade.
- **20.00 h.** Pasarrúas de Falso Teito



pola Fonte do Rei, rúa san Roque e praza Mártires de Carral.

- **20.00 h.** VI ELECTRONIC LUCUS FEST coas actuacións de DJ FRISCO & MARCOS PEÓN, JACOBO GÓMEZ, JUAN CHOUSA E JOSE FOUCE das 20.00 h ás 02.00 h na praza da Mosqueira.
- **21.00 h.** Concerto de CRISTINA BRANCO na praza Santa María.
- **22.00 h.** Concerto de XOEL LÓPEZ na praza Horta do Seminario. Ás 21.00h Teloneiros: Funámbula e os ceos quebradizos.
- **23.00 h.** Verbena coa orquestra STEREO na praza Maior.
- **23.30 h.** Concerto de BIZNAGA na praza Santa María.
- **01.00 h.** FESTICULTORES TROUPE na praza Santa María.

LUNS 6

- **11.00 h.** Xigantes e Cabezudos polo Campo Castelo e praza Maior coa actuación musical de Tambukda.
- **12.00 h.** Pasarrúas de Tambukda por Recatelo.
- **12.00 h.** Pasarrúas de O Son do Pucheiro pola Ronda das Fontiñas.

- **12.00 h.** Pasarrúas de Biouteiro Astelu polo Barrio da Ponte.
- **12.30 e 17.30 h.** Espectáculo itinerante "CIRCO KRASNOBARAK" de Troula. Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.
- **13.00 h.** Concerto de PANOSÉDÁN na praza Santa María.
- **13.00 h.** Concerto de XEOSMINA na praza da Mosqueira.
- **13.00 h.** O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO coa actuación "50 (1975-2025)" na praza de Augas Férreas.
- **18.00 h.** O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO coa actuación "50 (1975-2025)" na praza de Augas Férreas. Pases ás 18.00, 19.30 e 21.00h.
- **19.00 h.** Pasarrúas de Estoupacaldeiros por Augas Férreas.
- **20.00 h.** Pasarrúas de A volta do Agro polos Barrios de Albeiros e as Gándaras.
- **20.00 h.** Concerto de BANDA FILHARMÓNICA + CÁNTIGAS E FRORES na praza da Mosqueira.
- **20.00 h.** Pasarrúas de Biouteiro Astelu polo Sagrado Corazón.

- **21.00 h.** Concerto de PATAX na praza Santa María. Teloneiros: Filophóbicas.
- **22.00 h.** Concerto de MR HATHAWAY na praza da Mosqueira.
- **22.00 h.** Concerto de SONDESEU na praza Horta do Seminario. Ás 21.00h Teloneiros: Milesios.

MARTES 7 (Día dos maiores)

- **12.00 h.** Pasarrúas de Caivanca pola rúa Quiroga Ballesteros, Mercado Municipal, Praza de Abastos e praza Santo Domingo.
- **18.00 h.** Verbena coa orquestra PRINCIPAL na praza Maior.
- **19.00 h.** Letra das Festas 2025 (a revista oral do San Froilán), Chegaron de lonxe: a poboación inmigrante no San Froilán. No Centro Cultural Vello Cárcere.
- **19.30 h.** Pasarrúas de Airiños de Orbazai polos barrios de Albeiros e Gándaras.
- **20.00 h.** Pasarrúas de Foliada de Bosende por Recatelo e Recinto Feiral.
- **20.00 h.** Pasarrúas de Estoupacaldeiros pola Avenida das Américas e rúa Marqués de Ombreiro.

- **20.00 h.** Concerto de VRASICA na praza da Mosqueira.
- **20.00 h.** Concerto de ZARANDELA na praza de Santa María.
- **21.00 h.** Concerto de IRMAUS DA RAIA SECA en Santa María.
- **22.00 h.** Concerto de UNTIDES na praza da Mosqueira.

MÉRCORES 8

- **19.00 h.** Presentación do número 22 da Colección San Froilán dos Devanceiros: "VIVA O SAN FROILÁN 2018-2024. Fotografías e ilustracións" V.V.A.A. no centro cultural O Vello Cárcere.
- **20.00 h.** Pasarrúas de XAORA pola Avenida da Coruña.
- **20.00 h.** Concerto de CANTAREIRAS D'XANARES na praza da Mosqueira.
- **20.00 h.** Pasarrúas de Caivanca polas rúas Rafael de Vega, Montero Ríos, Paxariños e Ramón Montenegro.
- **20.30 h.** Actuación da TAMBUKDA polo recinto histórico, zona dos viños e Tinería.
- **21.00 h.** Concerto de UXÍA; Será por flores na praza Santa María. Ás 20.00h Teloneiros: Nebra.
- **22.00 h.** Concerto de EL NIDO na praza da Mosqueira.

XOVES 9

- **17.00 h.** Actuación de "PITUQUITO LITERAL" de Trécola Producións, espectáculo para público familiar na praza da Soidade.
- **17.00 h.** IX ESPAZO HIP HOP coas actuacións de IVÁN CANO + MIDAS ALONSO + BATALLAS DE GALOS, na praza da Mosqueira até ás 00.00h.
- **20.00 h.** Pasarrúas de Son de Lugh polas rúas Ourense, Lamas de Prado e praza do Castiñeiro.
- **20.00 h.** Pasarrúas de Xaora pola Fonte do Rei, rúa San Roque e praza Mártires de Carral.



CLÍNICA DENTAL TEST
CENTRO DE ODONTOLOGÍA
E IMPLANTOLOGÍA

Camiño Real, 36-38 Entlo

982 228 428 • 608 938 993



- **21.00 h.** Concerto de VERA FAUNA na praza Santa María. Ás 20.00h Teloneiros: Jade4.
- **23.30 h.** Concerto de BALA na praza Santa María.

VENRES 10

- **12.00 h.** Pasarrúas de Foliada de Bosen de polas rúas do centro.
- **17.00 e 19.00 h.** Actuación de “FAMILIA UNIDA” de Mircromina Titeires na praza da Soidade.
- **18.00 h.** O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO coa actuación “50 (1975-2025)” no Sagrado Corazón. Pases ás 18.00, 19.30 e 21.00h.
- **19.00 h.** Xigantes e Cabezudos polo Campo Castelo e praza Maior coa actuación musical de Falso Teito.
- **20.00 h.** Pasarrúas de Falso Teito por rúa Progreso, Raíña, San Pedro e Campo Castelo .
- **20.00 h.** SAN FROILÁN SORRÍ. Espectaculo teatral de humor coas actuacións de JAVITO RIVAS + OSWALDO DIGÓN na praza da Mosqueira.
- **20.00 h.** Pasarrúas de Reviravolta por Recatelo.
- **20.00 h.** Pasarrúas de A volta do Agro por Camiño Real.
- **20.00 h.** Concerto de MADAME RACHEL na praza da Mosqueira.
- **20.00 h.** Os Pelúdez entre nós pola zona dos viños.
- **21.00 h.** Concerto de NOGEN na praza Santa María. Ás 20h Teloneiros: Punk Kon Queixo.

- **22.00 h.** Concerto de LÍA KALI na praza Horta do Seminario. Teloneiros: Verter GZ.
- **23.00 h.** Verbena co grupo ARIZONA na praza Maior.
- **23.30 h.** Concerto de PONY PISADOR na praza Santa María.
- **00.00 h.** FACELA FEST NO SAN FROILÁN. Sesión musical cos DJ FACELA na praza da Mosqueira até ás 2.00h.
- **00.30 h.** A DUENDENETA na praza da Soidade.

SÁBADO 11 (Día de Ferrol)

- **11.00 h.** Recepción oficial á Corporación do Concello de Ferrol na Casa do Concello.
- **11.00 h.** Feira de antigüidades e colleccionismo na rúa da Raíña. Todo o día.
- **11.00 h.** “V SALTAR NA RÚA - MILLA POPULAR LUCUS” na praza Horta do Seminario. Exhibición de saltos ás 11.00h e milla popular urbana ás 13.00h.
- **12.00 h.** Pasarrúas de Airiños de Orbazai.
- **12.30 h.** Concerto de BANDA DE MÚSICA SONS E SOÑOS na praza da Mosqueira.
- **12.30 e 17.30 h.** Espectáculo itinerante “RUM RUM” de Xip Xap Teatre. Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.
- **12.30 h.** Os Pelúdez entre nós polo

- Recinto Feiral.
- **13.00 h.** XXII FESTIVAL DE CULTURA TRADICIONAL coa Asociación Cultural Cántigas e Frores e coas actuacións de Asociación Cultural Cántigas e Frores e Asociación Cultural Rebulir na praza Santa María.
- **18.00 h.** Actuación de A VOLTA DO AGRO na praza de Santo Domingo.
- **18.00 h.** O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO coa actuación “50 (1975-2025)” na praza Agro do Rolo. Pases ás 18.00, 19.30 e 21.00h.
- **18.00 h.** Verbena coa orquestra OCA BAND, e DJ Manu Chady ata ás 0.00h, na praza de Augas Férreas.
- **19.00 h.** Pasarrúas de Treboada por Augas Férreas e rúa Alfonso X.
- **20.00 h.** Pasarrúas de Os Picurru-chos pola Ronda das Fontiñas.
- **20.00 h.** Pasarrúas de Petiscos de Balde polo Barrio da Ponte.
- **20.00 h.** Pasarrúas de Tambukda pola Tinería.
- **20.00 h.** Concerto de SIGILU na praza da Mosqueira.
- **21.00 h.** Concerto de QUERALT LAHOZ na praza Santa María.
- **22.00 h.** Concerto de ANXO ARAUJO na praza da Mosqueira.
- **22.00 h.** Concerto de EL CONSORCIO na Horta do Seminario. Ás 21.00h Teloneiros: Iria Estévez e Luis Monsalve, cuarteto de corda.
- **23.00 h.** Verbena coa orquestra COSTA DORADA na praza Maior.
- **23.30 h.** Concerto de DE NINGHURES na praza Santa María.

- **00.30 h.** A DUENDENETA na praza da Soidade.

DOMINGO 12 (Das mozas)

- **10.30 h.** Inauguración da “Volta ao Medievo” ao carón da Catedral de Santa María. Feira Medieval. Actuacións musicais, desfiles, xogos e máis até as 22.00h.
- **11.00 h.** Feira de antigüidades e colleccionismo na rúa da Raíña. Todo o día.
- **11.00 h.** 53ª Edición do Desfile do traxe galego na praza Maior con Cántigas e Frores.
- **11.30 h.** XXVII Mostra de Música Tradicional Galega do Domingo das Mozas, coa Asociación de Gaiteir@s Galeg@s, polo recinto histórico. Das 11:30h ás 13.45h e das 17.00h ás 18.00h.
- **12.00 h.** Ofrenda a Rosalía de Castro por parte de Branca Villares no Parque de Rosalía de Castro. A actuación do Coro de Cántigas e Frores.
- **12.30 h.** Concerto de: Banda de música municipal de A Estrada na praza San Marcos.
- **13.00 h.** FACELA FEST NO SAN FROILÁN. Sesión musical cos DJ FACELA na praza da Mosqueira.
- **13.00 h.** O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO coa actuación “50 (1975-2025)” na praza Agro do Rolo.
- **13.00 e 19.00 h.** “Os cegos no Camiño” Encontro de romanceiros medievais, cegos e Lazarillos na rúa San Pedro, Bo Xesús, praza Maior, praza do Campo e praza Pío XII.
- **17.30 h e 19.30 h.** Espectáculo itinerante “TRANSHUMANCIA” de Xip Xap Teatre. Percorrido; saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.
- **18.00 h.** Concerto de AS LAGHARTEIRAS na praza Santa María.
- **18.00 h.** O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO coa actuación do mago Xulio Merino na praza do Castiñeiro. Pases ás 18.00, 19.30h e 21.00h.
- **18.30 h.** III Festival de cultura tradicional do San Froilán Miúdo na carpa do San Froilán Miúdo.
- **19.00 h.** Concerto de ABRIL na praza da Mosqueira.

- **20.00 h.** Concerto de FIANDOLA na praza Santa María.
- **21.00 h.** Concerto de LOITA AMADA na praza da Mosqueira.
- **22.00 h.** Concerto de GUADI GALEGO na Horta do Seminario. Ás 21.00h Teloneiros: Laura LaMontagne.
- **23.00 h.** Verbena coa orquestra ACORDES na praza Maior.

SAN FROILÁN MIÚDO

SÁBADO 4

- **18.30 h.** Ritmo Lugo. Exhibicións de baile.

DOMINGO 5

- **11.30 e 16.00 h.** XOGOS PAPORRUBIO de Paporrubio. Xogos de autónomos e animados.
- **12.30 e 17.30 h.** “PILOTS” de La Finestra, espectáculo de circo.

- **18.30 h.** ROCOCÓ de Cía Rampante.

LUNS 6

- **11.00 e 16.00 h.** XOGOS XXL DO MUNDO de Ludiespai.

- **18.30 h.** TRANVÍA de La Finestra.

MARTES 7

- **16.00 h.** STEAM PINBALLS de Holoqué Espectaculum. Realidad mixta.
- **18.30 h.** CRUNCH 2 de Muu.

MÉRCORES 8

- **16.00 h.** STEAM PINBALLS de Holoqué Espectaculum.
- **18.30 h.** HUMANUS COMICUS” de Mondo Costrini.

XOVES 9

- **18.30 h.** GRAN SONATA de Le Puant.

VENRES 10

- **18.30 h.** III FESTIVAL INFANTIL CÁNTIGAS E FRORES.

SÁBADO 11

- **11.30 e 16.00.** XOGOS AO GRANDE”. Artesáns de madeira.
- **18.30 h.** DE VILATRISTE A VILALEGRE de Teatro ao Cubo.

DOMINGO 12

- **11.30 e 16.00 h.** XOGOS AO GRANDE.
- **18.30 h.** HISTORIAS PARA ESCAGARRIÑARSE. Teatro Ghazafelhos.

Hola:

Este año estaré en la Caseta del pulpo de Javier Ferreiro (la primera entrando desde las Josefinas).

Para reservas y presupuestos estoy a vuestra disposición en el Tlf 609 958 892.

Muchas gracias y FELIZ SAN FROILÁN.

“Intentamos facer un San Froilán para todos e todas”

Maite Ferreiro, concelleira de Cultura do Concello de Lugo

Jessica Fernández

Que destacarí da programación do San Froilán?

Isto é un inmenso traballo en equipo que consiste en buscar as programacións que poden adaptarse aos diferentes escenarios. Temos o escenario da Praza de Santa María, o da Porta do Seminario e o da Mosqueira; e logo temos un escenario exclusivo para as actividades infantís que é no aparcadoiro do Seminario. Comezando polo San Froilán Miúdo, promovemos unha programación específica onde intentamos traer actividades que poidan gozarse en familia, pensadas nos máis pequenos, pero tamén que poidan desfrutarse coas familias. Poden ser musicais, poden ser de circo, poden ser obradoiros, pensados especificamente para eles, pero tamén para o resto da veciñanza. Pola súa parte, en a Horta do Seminario pensamos en espectáculos que poidan acoller a unha gran cantidade de persoas, onde se programan os concertos máis grandes a diferentes horas; e que antes se lle dea protagonismo a grupos locais. E na Praza Santa María hai concertos máis próximos e contamos tamén con grupos locais. E pensando tamén nas persoas máis maiores temos as orquestras que son diante da Praza Maior e intentamos que non causen dano ao noso patrimonio, porque vemos que hoxe en día hai orquestras que contan con infraestruturas ou equipos técnicos moi grandes. Por iso intentamos tamén coidar e respectar o entorno. Ademais, outra das actividades pensadas son os pasarrúas, nos que se ten en conta a participación de grupos locais. Procuramos que haxa pasarrúas todos os días por distintos barrios da cidade, levando música tradicional a

cada recuncho para que a veciñanza sinta un pouco a esencia do San Froilán. Tamén achegamos actividades aos barrios, como o Mago Móbil, que leva maxia a un público familiar en lugares como o Castiñeiro, a zona das Fontiñas ou Augas Férreas. Son propostas próximas e de balde, pensadas para que nenos, nenas e familias poidan gozar delas sen necesidade de desprazarse ao centro. Consideramos importante que todos os barrios da cidade teñan a oportunidade de participar nestas actividades específicas preto da súa casa. Ademais, este ano temos preparada unha sorpresa moi especial: un grupo de corais e persoas que formaron parte de Fuxan os Ventos, que interpretarán o día 4, antes do pregón, unha canción que tamén nos identifica a nós como lucenses, con letra do noso poeta da Terra Chá, Manuel María. Será un momento maravilloso.

Cal é o criterio para xestionar toda esta programación?

Os tempos cambian, a maneira de xestionar tamén mudou, e nós temos claro —e así o dixemos— que as festas do San Froilán son as festas do pobo, as festas populares. Hai outros momentos ao longo do ano nos que se poden organizar ou traer concertos de pago, pero estas festas teñen que contar con actuacións abertas a todo o público. Esta celebración naceu dunha feira tradicional e debemos seguir mantendo esa esencia. En canto á elección musical, temos que ser conscientes de dúas cuestións: por unha banda, o orzamento co que contamos, que procede unicamente do Concello, xa que só recibimos unha achega económica de 25.000 euros da Axencia de Turismo de Galicia e unha axuda importante da área de

Cultura da Deputación, ademais do apoio de patrocinadores, empresas de Lugo ás que tamén lles estamos moi agradecidas pola súa colaboración. Por outra banda, debemos ter en conta que existen grupos que non actúan en actuacións abertas ao público. Por iso, intentamos programar actividades para todos os públicos: para a mocidade, para a xente de mediana idade, para as persoas maiores e para as familias, con música en distintos idiomas —en portugués, castelán, catalán, éuscaro e galego—. E temos que darlles prioridade e ademais consideramos que é unha obriga, porque se miramos o impacto económico que xera esta actividade cultural, comprobamos que está creando moitos postos de traballo na nosa cidade. Queremos que as persoas que se dedican á cultura e á música poidan traballar e vivir en Lugo, sen ter que marchar. Por iso mantemos o compromiso de apoiar aos músicos locais, que ademais son artistas boísimos. Intentamos, na miña opinión, cos medios que temos, facer un San Froilán para todos e todas.

Como se levan as críticas?

Esas críticas aceptámolas como ten que ser, con tranquilidade, porque todo o mundo ten dereito a opinar. Quen nos puxo aquí foron as veciñas e os veciños de Lugo, e no noso programa electoral deixamos moi claro como queríamos facer a actividade cultural na cidade e como queríamos organizar o San Froilán, e nese camiño seguimos sen apartarnos nin un ápice. Continuamos afirmando que son as festas da cidade e teñen que ser abertas a todo o mundo. Con todo, recibimos máis felicitacións ca críticas pola rúa. Tamén temos que ser conscientes de que moitas das



persoas que, con todo o seu dereito, expresan críticas nas redes sociais, non consultan o programa das festas, porque estou convencida de que, se alguén con capacidade de análise revisa con detalle todo o que se ofrece ao longo das celebracións do San Froilán, decatárase —ou polo menos esa é a nosa intención— de que se trata dun programa variado e diverso, con música para todo tipo de públicos.

Como espera que sexa este San Froilán 2025?

Agardo que, se o tempo acompaña, as festas sexan coma nos últimos anos: dinámicas, animadas e participativas, e que a xente que veña a San Froilán saiba que vai atopar unhas celebracións tradicionais. Este ano, ademais, recuperamos a Nora o que nos obrigou a suprimir unha das casetas do polbo. Tamén houbo cambios nas casetas de Gastroarte. Intentamos que esas casetas teñan un lugar axeitado, como pode ser ao fondo da Praza Maior. Ademais, buscamos cubrir o espazo da rúa diante da Audiencia Provincial; antes estaba alí Gastroarte, e agora colocaremos outro tipo de actividades, facendo deste un dos lugares máis visitados.

Que destacarí da pregoeira, Cristina Lombao?

Cando chegamos ao Goberno local, sempre tivemos claro que había que darlle oportunidade ás mulleres no pregón do San Froilán. Se botamos

unha ollada á historia, vemos que durante anos foron os homes quen asumiron ese papel, pero nós decidimos que era o momento de abrir esa posibilidade a todas aquelas mulleres que quixeran ser pregoeiras. Creo que temos a obriga, como mulleres e como organización política que defende a igualdade, de ofrecerlles tamén esa voz. Cristina Lombao é unha muller que, ademais, é xornalista nun momento no que os medios de comunicación non están a pasar polos mellores tempos. É fundamental defender o dereito á información veraz e a liberdade das e dos profesionais para realizar o seu traballo sen presións políticas, sen ter que xogar coa súa vida para garantir un dereito tan básico para a cidadanía como é o de recibir unha información verdadeira. . **E de Branca Villares, como oferente?** É unha muller que leva toda a súa vida vencellada á música tradicional, recollendo cantigas na montaña de Lugo, e que este ano dedicou o seu traballo ás cantareiras. Consideramos que é tamén unha maneira de poñer en valor o labor desas mulleres que, no seu día, se encargaron de recopilar esas pezas, esas letras, e transmitilas coidadosamente para que hoxe poidamos gozar delas. Branca é unha das persoas que mantén vivo ese legado, que as nosas avoas e nais recolleron e conservaron, e que agora chega ás novas xeracións grazas ao seu esforzo.

A Tinería será sede das xornadas 'Cultura e Tradición no Camiño'

A Xunta e o Grupo Traxandaina presentaron a programación da novena edición das xornadas *Cultura e Tradición no Camiño*, que se celebrarán en Lugo entre o 5 e o 11 de outubro. O delegado territorial, Javier Arias, e a presidenta da entidade, Teresa Astorgano, detallaron un calendario que terá como escenarios a Oficina de Turismo e o Centro de Interpretación do Camiño, situados na rúa Miño, no barrio da Tinería, con actividades en horario de mañá e tarde.

O evento inclúe unha oferta de obradoiros artesanais, patrocinados en parte por Artesanía de Galicia, nos que será preciso inscribirse a través do correo traxandaina@gmail.com ou do teléfono 619 744 325. Haberá cestería, tapices, cabazas, orfebrería, zoquería, téxtil, torno, alfarería e cerámica.

A programación abrirase o domingo 5 cun obradoiro de cestería e o primeiro Filandoiro San Froilán,

que contará coa participación do director do Museo Catedralicio de Lugo, Marcos Calles, o catedrático de Arqueoloxía e presidente de Vía Künig, Javier Gómez, o historiador Adolfo de Abel Vilela, o escritor Ricardo Polín e a asociación Promonumenta de León.

O apartado musical desenvolverase de martes a venres a partir das 19:30 horas e o sábado tamén ás 18:15 no exterior da Oficina de Turismo, con concertos de cantos de cego, unha proposta didáctica sobre a muller e a tradición oral, a actuación de Fransy & Davide Salvado e a clausura a cargo das pandeiretas de San Telmo de Tui.

Completan o cartel unha demostración de máscaras de entroido, unha mostra de fiado a man ou unha achega ao proceso do liño. En total, participarán preto dunha vintena de artesáns e asociacións culturais, convertendo a Tinería nun escaparate da tradición galega.

Lugo acollerá en 2026 a gala dos Premios Mestre Mateo

Os Premios Mestre Mateo, que distinguen cada ano as mellores producións e profesionais do audiovisual galego, celebraranse por primeira vez en Lugo no 2026.

O Auditorio Fuxan Os Ventos, que será o escenario da XXIV Gala o vindeiro 21 de marzo, nun acto no que participaron a deputada de Cultura Iria Castro, a concelleira de Cultura Maite Ferreiro e a presidenta da Academia Galega do Audiovisual, Lucía Veiga. A organización conta co respaldo da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e da área de Cultura do Concello.

A celebración supón saldar unha débeda histórica coa cidade, a única das sete urbes galegas que ata o momento non acollera a cita máis relevante do audiovisual galego. Iria Castro agradeceu á Academia a súa disposición e salientou o compromiso económico e político das institucións lucenses para traer a gala á cidade. A deputada reivindicou o papel de Lugo como centro de creatividade e talento, a pesar de estar afastado das principais vías de comunicación, e asegurou



que a provincia merece ser a casa dos Mestre Mateo por mérito propio.

A concelleira Maite Ferreiro destacou que, ademais de recoñecer aos profesionais lucenses do sector, a celebración coincide coa Semana de Cine de Lugo, que chega á súa 47ª edición. Subliñou tamén que a aposta pola cultura galega e polo talento local forma parte dun compromiso transversal do Concello.

Durante a rolda de prensa de-

tallouse o calendario ata a gala: en outubro abrirase o prazo de candidaturas, a finais de xaneiro daranse a coñecer as finalistas, e entre febreiro e marzo anunciárase o premio de honra e terá lugar a tradicional xuntanza de finalistas. Ademais, Lugo acollerá múltiples actividades previas para achegar o audiovisual á cidadanía, convertendo á cidade e á provincia no epicentro do sector durante os vindeiros meses.

¡La temporada del pulpo se acerca!

Celebra tu comida de **San Froilán** en nuestro restaurante ;)

TORRE NUNE Hotel



982 30 40 40



676 75 52 78



Recatelo e O Castiñeiro teñen novos murais

O barrio de Recatelo avanza na súa transformación urbana cunha nova intervención artística: un mural dedicado á figura de Rosalía de Castro. A obra, que se atopa en proceso de elaboración da man do muralista Rubén Paz, busca render homenaxe a unha das figuras máis representativas da cultura galega e, ao tempo, encher de cor e significado este enclave da cidade.

Ademais, a Praza do Castiñeiro estreou unha nova imaxe grazas á intervención dun mural de gran formato realizado polo artista Yoe33,

baixo a comisaría de Concepto Circo e Diego As. O deseño, obra de Manuel Pallín, dálle un lavado de cara a esta praza emblemática que ata o de agora amosaba un mural moi deteriorado.

De temática familiar, a pintura combina ilustracións cun gran ceo que enche de cor e luz o barrio, nunha intervención participativa que procura reflectir á propia veciñanza. Para garantir unha mellor conservación, o muro recibiu tratamentos previos e posteriores que aumentan a súa resistencia.

Convócase de novo o Premio de Humanidades José Castiñeira na cidade

O Orfeón Lucense, en colaboración coa Diocese de Lugo, a Catedral e a familia do seu fundador, José Castiñeira Pardo, convocou a segunda edición do Premio de Humanidades que leva o seu nome.

O recoñecemento busca honrar a persoas ou institucións que, pola súa traxectoria e entrega, destaquen no labor humanístico, nas artes ou nas letras, e contribúan á mellora da convivencia social e das relacións humanas, seguindo o exemplo do musicólogo, crego e profesor ao que se homenaxea.

O galardón terá carácter anual e consistirá nunha placa conmemorativa que se entregará nun acto público e solemne no claustro da Catedral. A cerimonia celebrarase o último domingo de outubro, coincidindo co cabodano de Castiñeira, despois da misa conmemorativa e antes da tradicional ofrenda na súa tumba.

O xurado estará composto por representantes do Orfeón Lucense, da familia Castiñeira, da S.I.C.B. e da Diocese, podendo incorporar tamén persoas de recoñecido prestixio da sociedade lucense e galega.



O Museo acolle obras do Reina Sofía nunha exposición temporal

O Museo Provincial de Lugo inaugurou unha exposición de obras convidadas procedentes do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, que permanecerá aberta ata o 30 de marzo.

Entre as pezas destacadas están as pinturas Jesús, Marta e María de Julia Minguiñón, Humos helados / Paisaje abstracto de Benjamín Palencia e unha obra de Victoria Malinowska. Trátase dunha oportunidade única para ver estas obras en Lugo por primeira vez.

A mostra, coordinada pola dirección e o departamento de Belas Artes do museo, insírese na colaboración institucional entre ambos centros e coincide co préstamo de cinco pinturas de Maruja Mallo que o Museo Provincial enviou ao Reina Sofía para a retrospectiva "Maruja Mallo. Máscara e compás", que se inaugurará o 7 de outubro en Madrid.

As obras seleccionáronse en función do contexto cronolóxico-cultural das pinturas de Maruja Mallo. Así, Julia Minguiñón, artista galega e coetánea de Mallo, está representada cunha pintura de 1934 que obtivo a terceira medalla na Exposición Nacional de Belas Artes. Benjamín Palencia figura na mostra pola súa vinculación coas

vangardas e o surrealismo, mentres que Victoria Malinowska aporta a perspectiva dunha pintora de orixe rusa integrada no círculo artístico madrileño das primeiras décadas do século XX.

A exposición permite contextualizar a Maruja Mallo dentro da arte do primeiro terzo do século XX e reforza a colaboración museística entre o Museo Provincial de Lugo e o Reina Sofía.

COMTEMPORANEAS. O Museo abriu tamén a exposición *O compromiso dun coleccionista*, unha homenaxe ao legado de Xoan Anllo Vázquez (Feira do Monte, Cospeito, 1936 - Madrid, 2023), quen doou á institución provincial máis dun centenar de obras de arte contemporánea e pezas etnográficas a través do seu testamento. A mostra poderá visitarse ata o 30 de novembro na Sala de Exposicións Temporais.

Coordinada pola directora do Museo, Aurelia Balseiro, e comisariada por María Quiroga Figueroa, Paula Salinas Somoza e Lucila Yáñez Anllo-Vergas, a exposición reúne obras de destacados artistas europeos como Joan Miró, Antoni Tàpies ou Susana Solano, ademais dos galegos Jorge Castillo e Antón Lamazares.

A Candeloria despídese en Lugo coa súa última edición, O Último Berro

O festival A Candeloria pon fin a unha traxectoria de doce anos converténdose nun referente da música alternativa en Galicia. O 11 de abril de 2026 será a data do seu derradeiro encontro, bautizado como O Último Berro, que terá lugar no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo.

O avance de cartel inclúe nomes destacados como Dakidarría, NoKonforme, Boikot, Juanxto Skarlari & La Rude Band, Me Fritos and The Gimme Cheetos e Jordi Pánico. A organización adianta que haberá "moito máis por confirmar" para facer desta despedida unha noite inesquecible.

Nun comunicado, o equipo organizador explica que, despois de numerosas edicións exitosas, decidiron pechar o ciclo no seu máximo esplendor. O festival, nacido en 2013 da man de tres persoas

de Lugo e arredores, foi medrando ata consolidarse como unha cita obrigada do inverno musical galego.

"O Último Berro" non será un adeus triste, senón unha celebración chea de alegría polos logros acadados: novos amigos, momentos inesquecibles e a satisfacción de superar dificultades sempre con traballo e humildade. A organización amosa o seu agradecemento a todo o público fiel, ás bandas, ás institucións e ás empresas que fixeron posible a aventura.

O 11 de abril está chamada a ser a noite máis especial da historia do festival. Un derradeiro berro de lume, música e emoción co que A Candeloria baixará o pano deixando unha pegada imborrable en Lugo e no corazón dos seus seguidores.

Inaugúrase no Vello Cárcere a mostra 'Somos pobo feito en Nós'

O Vello Cárcere acolle a exposición *Somos pobo feito en Nós*, da artista lucense Andrea Prado Rielo, que poderá visitarse ata o 13 de outubro nas celas de homes da pranta baixa. A mostra nace das grellas dos escenarios, entre luces, suor e compromiso, para poñer en valor ás persoas que manteñen viva a cultura galega e a identidade colectiva a través da súa capacidade creativa.

Con estética punk, directa e crúa, o proxecto aposta pola filosofía do "faino ti mesma" e entende o erro, a mancha e o azar como sinais da pluralidade que conforma a sociedade galega. Cada imaxe preséntase como un acto de resistencia e un recordatorio de que en Galicia a música e a arte actúan como salvavidas culturais e como espazos comúns de emoción compartida.

Lugo acolle unhas xornadas de arqueoloxía lucense

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude organiza en Lugo as I Xornadas pedagóxicas de arqueoloxía lucense, que se celebrarán o sábado 4 de outubro no salón de actos da Delegación Territorial. Están dirixidas ao público en xeral, con entrada libre e gratuíta ata completar o aforo. O obxectivo é achegar á cidadanía os coñecementos obtidos durante as últimas intervencións promovidas nalgúns dos xacementos máis sobranceiros da provincia, da man dos propios arqueólogos que as dirixiron. As xornadas comezarán ás 9:30 horas e a mañá estará dedicada a elementos patrimoniais datados entre o Paleolítico e a Idade do Ferro.

SEMANA DE CINE



A actriz de Carballedo María Vázquez, coñecida polas súas interpretacións en producións cinematográficas como *Matria*, foi homenaxeada no Paseo do Cine, situado no parque de Frigsa, coa descuberta dunha praca que leva o seu nome.

Certificados profesionales. Tu titulación oficial GRATIS

Inicio inmediato | Plazas limitadas | Reserva la tuya

TELEFORMACIÓN



ADGG0208 - Actividades administrativas en relación con el cliente



ADGD0210 - Creación y gestión de microempresas

Consulta toda la oferta formativa

estudiosrafer.es
formacion@estudiosrafer.es | 982 22 26 49

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE

estudios
rafer



“O máis importante é saber levar á xente”

Falamos con Pablo Rico Echegaray, presidente da Federación Coral Galega e director de 8 coros, o Xoán Montes e o Xuvenil

Jessica Fernández

Desde moi novo, Pablo Rico Echegaray sentiu unha atracción especial pola música. “A min sempre me gustou a música e apunteime a unha academia para tocar o piano”, explica, lembrando os primeiros pasos que o levaron ao Conservatorio Profesional de Música de Lugo - CMUS Xoán Montes, onde completou o seu grado profesional tanto en saxofón como en piano. Con todo, confesa que o canto non estaba inicialmente entre as súas paixóns: “O do canto min non me gustaba, nin foi no que me especialicei”. A súa incursión no mundo coral naceu por casualidade, cando na Igrexa de Meira precisaban a alguén que tocara o novo harmonio: “Dixéronme a min e dixeran que si. Os do coro querían cantar o Himno Galego, entón pedíronme que lles ensinara, e de aí comezamos a ensaiar e fixemos un Concerto de Panxoliñas”. A partir dese momento, con só 16 anos, iniciáronse proxectos que o levaron a dirixir actualmente oito coros e estudar dirección de coro no Conservatorio Superior de Música da Coruña.

Para Rico Echegaray, formar parte dun coro ofrece beneficios, como o efecto sobre a voz: “O primeiro beneficio de cantar é axudar a falar, xa que imos ter control sobre voz e o diafragma e iso vai facer que non nos quedemos afónicos se falamos moito. O que ensino é a diferenciar a voz de peito e a da gorxa. Eu pásome toda a semana cantando, se utilizara a mesma técnica para cantar que para falar, o domingo estaría sen voz”. Pero o canto tamén ten un impacto social e emocional importante. “Outro beneficio é o social, xa que aquí fanse moitas amizades porque é unha actividade colectiva. Así, ademais de aprender



a cantar, fas amigos e coñeces toda Galicia porque se fan intercambios con outros coros e movémonos moito”. Tamén incide no efecto positivo sobre a saúde psicolóxica: “Ao aprender a cantar, tes que aprender a respirar, a controlar o diafragma e os pulmóns e iso é importante para temas de ansiedade. Incluso nesta actividade podes controlar as túas emocións, xa que é unha forma de ‘liberarse’, de expresarse. Eu, por exemplo, cando chego aos ensaios, deixo todos os problemas fóra e unha forma de terapia”. Segundo Rico, algúns estudos mesmo destacan que participar nun coro pode actuar como medida preventiva ante situacións graves de depresión ou ideación suicida, xa que ofrece unha rede de apoio humano e comunitaria. Finalmente, subliña o papel dos coros como dinamizadores do mundo rural galego: “Os coros están presentes en case todos os

concellos de Galicia e moitos deles son eminentemente rurais cunha poboación dispersa e envellecida e o coro o que fai é reunir nunha parroquia, que se converte en punto de encontro para moitos que comparten un tempo xuntos”

A DIRECCIÓN DOS COROS

Dirixir varios coros simultaneamente require dunha gran organización e coñecer en profundidade as particularidades de cada grupo. Rico Echegaray explica que dirixe oito coros distintos: “Eu dirixo o coro de Monterroso, o de Meira, o de Abadín, o de Portomarín, tres corais en Lugo e unha na Coruña. Pero, ademais de organizarse, é importante coñecer as particularidades de cada coro, de cada grupo de persoas”. Cada coro ten unha historia e un carácter diferente: mentres Monterroso está a piques de cumprir 40 anos, Abadín leva só dous e Portomarín un ano. “Non podes usar o mesmo repertorio e non poderás cantar coas mesmas voces. Hai que traballar moito a técnica vocal para cantar de peito e así evitar danar a gorxa”, sinala, subliñando a importancia de adaptarse ao perfil vocal de cada un. A experiencia de Rico tamén demostra que calquera persoa pode incorporarse a un coro, sempre que se adapte á dinámica do grupo: “Empezamos todos desde cero porque non é só cantar un, ten que haber unha sintonía coas outras voces. Se un coro xa ten un certo nivel, un repertorio aprendido, etc., a persoa que entre nova terá que adaptarse. Eu non fago probas de voz porque ao oír á xente xa sei como vai cantar. Sempre vai haber un sitio para cantar”. Así, dirixir un coro non consiste só en controlar a técnica, senón tamén en xestionar ás persoas e garantir a cohesión do grupo. “Nun curso que fixen, a primeira

pregunta que nos fixeron foi que que era o máis importante dun director de coro e todos mencionamos o xesto, a elección do repertorio, etc., pero o relator deixounos claro que o 90 % do traballo de dirección dun coro era o compoñente psicolóxico: levar á xente”, afirma Rico.

O director galego lembra que, como mozo de 24 anos dirixindo coros, tivo que gañar o respecto dun ámbito tradicionalmente dominado por persoas maiores: “Parece que se non tes 80 anos, 40 de experiencia, levas gafas e vas vestido de negro, non vales para dirixir. Isto non sucede só no mundo coral, é inherente a calquera traballo, xa que hai moitos rapaces con capacidade de traballo, de liderado e sabemos desempeñar o noso traballo igual de ben, ou mellor, que xente con moitos máis anos”.

O XOVE CORO, COMO NOVIDADE

O Xove Coro, unha iniciativa posta en marcha este ano, xurdiu coa intención de achegar á música coral á xente nova, rompendo coa idea tradicional de que os coros están formados maioritariamente por persoas maiores. “O Xove Coro nace do Coro Xuvenil de Lugo porque a xente pensa que un coro está formado por xente maior, que é a que canta nos coros, e si é certo que é a tónica xeral das corais de Galicia, xa que rapaces da miña idade que se involucran nos coros é pouco habitual, pero é algo do que tiña moitas ganas: que houbera máis xente nova”, explica Pablo Rico Echegaray.

O proxecto xorde da colaboración de amigos que tamén querían cantar e compartir un repertorio máis acorde á súa idade. “E, a partir de aí, empezounos a falar xente sobre cando nos xuntabamos e que idades comprendía, e realmente puxémolo de 16 a 30, máis ou menos, e moita xente máis nova tamén quería participar, entón agrupamos a rapaces de 6 a 12 anos que xa comezaron a ensaiar nun grupo de 6 ou 7 nenos e nenas e temos moitas ganas de que se unan moitos máis”, comenta Rico, engadindo que o proxecto tamén conta coa implicación da súa irmá, e que

ambos confían no seu éxito. Para eles, o coro supón un relevo xeracional, unha alternativa á oferta de ocio habitual e unha forma de fomentar o interese pola música entre os máis novos: “Para nós, isto é importante porque é un relevo xeracional, para que a xente nova siga nas corais e, á vez, que poidan facer unha actividade distinta, que non todo é fútbol”.

Ademais, engade que os coros que dirixe están abertos a todas as idades e niveis de experiencia. “O Coro Xuvenil ensaia os venres de 20.00 a 21.30 horas na Casa da Xuventude de Lugo e quen queira, está convidado a vir. Agora estamos cantando Dancing Queen, de ABBA, así tamén aprendemos inglés. O ambiente é xenial”, explica. Tamén destaca experiencias interxeracionais, como en Monterroso e Meira, ou coros exclusivamente masculinos e mixtos, nos que a integración de novos membros sempre é posible. “Custa o primeiro día, pero se entras gústache tanto que xa non marchas”.

Finalmente, Pablo Rico subliña a importancia do apoio das administracións para garantir a continuidade dos coros e o seu traballo cultural: “A Federación ten un convenio coa Dirección Xeral de Cultura, que pon cartos para o Coro, pero non chega aos 100.000 euros, e tendo en conta que superamos os 240 coros en Galicia, o que significa que estamos na maioría de concellos, non é suficiente”. E indica que tamén debe haber apoio desde as Deputacións, como no caso de Lugo co programa Tradigalu, e dos concellos, xa que “manter os coros é un esforzo máisúsculo, así como o é todo no ámbito da música. E, para sabelo, hai que vivilo; polo que quizais as persoas que xestionan as áreas de Cultura debían estar formadas en cultura”. Rico tamén destaca a implicación dalgúns concellos, que valoran e apoian a súa actividade: “Hai concellos que apoian de maneira brutal ás corais, como o Concello de Abadín, que están encantados de que esteamos nós que dinamizamos a 30 e pico de persoas e que nas actuacións enchamos o salón de actos do concello”, conclúe.



OBRASY REFORMAS JATO

Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería
Restauraciónes • Acondicionamientos
Mantenimientos • Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com
641 082 106



Por Lugo:

VAI EN BUS

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

urbanoslugo.com

#activandolugo



Concello de Lugo

Área de Mobilidade e
Infraestruturas

O bus urbano volve ao seu percorrido habitual polo interior da Muralla

Os buses urbanos de Lugo recuperan o seu percorrido habitual polo interior da Muralla, concretamente pola rúa Montevideo, cunha parada no cruce con Quiroga Ballesteros. As liñas afectadas son a 7, 8, 9 e 12.

Esta modificación coincide coa preparación das actividades da Semana Europea da Mobilidade, que se desenvolverá do 16 ao 22 de setembro. Entre as iniciativas, o Día Europeo sen Coches, o 22 de setembro, permitirá que o bus urbano sexa gratuíto, fomentando o uso do transporte público e modos de desprazamento sostíbeis como a bicicleta ou os desprazamentos a pé.

A praza Horta do Seminario acollerá ese día postos de información

sobre a Tarxeta Cidadá e as liñas de transporte urbano, ademais dun autobús híbrido con actividades para nenos e nenas. A Semana da Mobilidade incluírá tamén accións educativas, como as que se desenvolverán no Parque Infantil de Tráfico a partir do 17 de setembro coa visita de estudantes do CEIP Sagrado Corazón, organizadas pola Concellería de Educación.

O concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, destacou que estas accións contribúen a unha cidade máis limpa e ecolóxica, e lembrou que Lugo leva anos promovendo iniciativas de humanización do espazo público, como a peonalización da Mosqueira, que hoxe é unha realidade consolidada.

Olimpia López substitúe a Isabel Rodríguez como subdelegada

A funcionaria da Xunta e actual vice-secretaria xeral e voceira do PSOE de Lugo, Olimpia López, podería ocupar en breve a Subdelegación do Goberno en Lugo, en substitución de Isabel Rodríguez, que deixa o cargo tras sete anos á fronte da institución, tal e como se adiantou de forma súbita a última hora deste venres.

Isabel Rodríguez, médica e exconcelleira de Viveiro, accedeu ao cargo en 2017 sendo a primeira muller en ocupar esta responsabilidade en Lugo, un posto no que tivo que afrontar momentos complexos como a pandemia ou a caída do viaduto da A-6 en León.

Natural de Bóveda e asentada en Viveiro desde hai case tres décadas, Rodríguez, que tamén exerceu como médica, deixará a súa actividade política tras unha longa carreira, condicionada tamén pola normativa que impide continuar no cargo unha



vezcumpridos os 70 anos.

Olimpia López podería ser a nova Subdelegada tras o seu salto á primeira liña política en xuño cando asumiu a vicesecretaría xeral e a portavocía do PSOE local na executiva liderada polo alcalde Miguel Fernández. Casada, con un fillo e veciña de Navia de Suarna, sempre estivo moi vinculada á vida social e política do municipio. Funcionaria de carreira

do Arquivo Xeral da Xunta en Lugo, é licenciada en Documentación pola Universidade de Salamanca e desenvolveu a súa traxectoria profesional en Bilbao ata que regresou a Galicia en 2006.

Este cambio seguirá ao comunicado onte na Coruña, onde Julio Abalde substituirá a María Rivas e tamén dará continuidade a outros que tiveron lugar noutras provincias.

Amplían os madrugadores no CEIP Manuel Mallo Mallo

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, anunciou a aprobación da ampliación do contrato dos comedores escolares, que permitirá activar o servizo de madrugadores no CEIP Manuel Mallo Mallo de Nadela. Segundo explicou, a medida responde á alta demanda das familias e entrará en funcionamento a partir da próxima semana.

Con esta ampliación, todos os colexios públicos de Lugo contarán

co servizo de madrugadores, reforzando a conciliación familiar e cubrindo unha carencia non atendida pola Xunta de Galicia.

O Concello destina máis de un millón de euros anuais a este servizo, co que se garantirá atención ás necesidades das familias lucenses, con quendas desde as 7:30 da mañá. Ferreiro destacou que, a pesar de ser responsabilidade da Xunta, o Concello continúa a xestionar e financiar este recurso esencial.

ASPACE

Aspace realizou unha acción reivindicativa diante da Xunta en Lugo para visibilizar de forma creativa o mal uso das prazas de estacionamento reservadas para persoas con mobilidade reducida (PMR). A iniciativa puxo o foco na necesidade real de moitas persoas que dependen destas prazas no seu día a día para desprazarse con autonomía e liberdade. A acción enmárcase na campaña coa presentación do decálogo *Boas prácticas no uso das prazas PMR*, coincidindo coa Semana Europea da Mobilidade.



LACREMA
DMLAB
- BY DR. VÁZQUEZ -
CREMA EFECTO ANTI-EDAD
NUEVA FÓRMULA PATENTADA

AGE OPTIMA
- BY DR. VÁZQUEZ -
CREMA INTEGRAL ANTIEDAD
MOORE

DM LAB
CREMAS
- BY DR. VÁZQUEZ -

Rúa Montero Ríos, 41. 27002 LUGO
Tel: 982 251 827 • josemanuel@vixel.es
www.vixel.es

MARMOLES VILARIO

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS *
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com

Unha atención diaria é esencial para facilitar o proceso e obter un resultado excelente"

Iria Figueiras, graduada en Odontoloxía e con Máster en Ortodoncia e ortopedia dentofacial

Jessica Fernández

Como xorde Ortodoncia Figueiras?

Ortodoncia Figueiras nace da necesidade de ofrecer, na provincia de Lugo, un centro de ortodoncia exclusivo, non unha clínica dental convencional. Os pacientes que acoden fano especificamente na procura de tratamentos de ortodoncia. Eu, como profesional da ortodoncia que traballou como ortodontista exclusiva en distintas clínicas das provincias da Coruña, Ourense, Madrid e Lugo, decatime de que en Lugo non existía ningún centro especializado e exclusivo nesta área. É por iso que a finalidade de abrir este centro no pasado mes de agosto é poder ofrecer aos pacientes un tratamento exclusivo coa posibilidade dun seguimento continuo, incluíndo atención diaria, facilitando así que os tratamentos se completen máis rápido e non sufran atrasos e/ou complicacións. Contar con atención todos os días non só supón unha gran comodidade para o paciente, senón que permite realizar todo tipo de tratamentos que, noutros lugares, sen unha boa especialización, non son posibles.

Que a diferencia doutras clínicas?
Son a única profesional membro activo de AESOR (Asociación Española de Especialistas en Ortodoncia) na provincia de Lugo, o que ofrece unha gran especialización neste campo. A ortodoncia é unha disciplina moi concreta e especializada que un dentista xeral non debería realizar; este centro xorde para cubrir esa necesidade específica. O obxectivo da nosa clínica de ortodoncia é buscar a excelencia no que facemos e desenvolver proce-

dementos que nos permitan medir e mellorar a calidade do noso traballo especializado en ortodoncia. Creo firmemente na importancia dunha boa formación, e continuada, para garantir os coñecementos máis actualizados e poder aplicalos a todos os meus pacientes.

Que tipo de tratamentos se poden levar a cabo na súa clínica?

Dentro dos tratamentos de ortodoncia existen diversas técnicas, e actualmente pódense distinguir tres grandes modalidades: ortodoncia con brackets, ortodoncia con aliñadores e ortopedia dentofacial en nenos máis pequenos. No caso da ortodoncia con brackets, existen diferenzas entre os sistemas dispoñibles. Nós utilizamos o sistema Damon, de autoligado pasivo, que ofrece varias vantaxes: os tratamentos adoitan completarse en menos tempo, as molestias para o paciente son menores xa que se require menos forza para lograr mellores resultados e facilitan a hixiene diaria. En canto aos aliñadores, traballamos co sistema Invisalign, que a día de hoxe segue tendo a patente líder neste tipo de tratamentos, o que nos permite ofrecer aos pacientes a máis alta calidade, cun servizo exclusivo e uns prezos realmente axustados. Hai que ter en conta que este tipo de tratamentos, noutros centros, o ortodontista ten que desprazarse, xerando uns custos que repercuten no paciente.

Que valoran máis os seus pacientes da clínica?

Primeiro, hai que resaltar que atendemos a pacientes de todas as idades. Aínda que a ortodoncia se asocia máis a idades temperás, tamén tratamos a adultos, incluíndo



casos nos que xorden problemas por non ter recibido tratamento na etapa infantil. Os nosos pacientes teñen idades que van desde os 4 ou 5 anos ata os 80, xa que non hai límite de idade para recibir ortodoncia. O que máis valoran os meus pacientes e que máis me motiva a min é ofrecer un trato próximo, no que o paciente entenda desde o inicio o problema que hai e poder seguir os tratamentos diariamente. Considero fundamental que o paciente entenda o seu tratamento, polo que dedico varias citas a explicar cada paso, xerar confianza e aclarar por que se recomenda unha técnica no canto doutra, sempre asegurando que o paciente se sinta tranquilo e seguro. Para iso, realizamos un

mínimo de tres citas dedicadas á valoración e explicación detallada do tratamento.

É importante a especialización, non?

A idea do noso proxecto é poñer en valor as especialidades: non todo o mundo pode facer todo. Eu adoito comparalo coa vista: normalmente non vas ao teu médico de familia para unha cirurxía ocular, senón que buscas a un oftalmólogo especializado que poida realizala correctamente. O mesmo ocorre en odontoloxía: é fundamental elixir a un profesional especializado para cada tratamento. Para poder dedicarme exclusivamente á ortodoncia, realice un posgrao a tempo completo durante tres anos. Non calquera tipo de curso ou formación te ca-

pacita para exercer correctamente a ortodoncia, polo que en ocasións non se conta coa preparación necesaria e pode derivar en problemas severos, funcionais, de mordida, postura corporal, dores musculares ou outras complicacións máis graves. É por este motivo que é tan importante a selección de quen nos vai tratar, xa que en odontoloxía a regulación non é tan estrita como en medicina.

Con que instalacións conta?

Cando puxemos en marcha a clínica, ademais de que fose bonita, acolledora e agradable, a nosa prioridade era que resultase cómoda e funcional para o noso traballo diario e para a práctica desta especialidade. As citas de ortodoncia non requiren de moito tempo, pero é fundamental que o paciente se sinta cómodo e que, desde o primeiro momento, poidamos ofrecelo mellor para o seu tratamento. Contamos con todo o necesario para un diagnóstico completo: radiografías, TAC, diagnóstico 3D, fotografía intra e extraoral... todo o imprescindible para avaliar ao paciente sen necesidade de derivalo a outro centro. A idea é que o paciente entenda que vén recibir un tratamento de ortodoncia integral.

Ten algún proxecto de futuro?

O proxecto de futuro deste centro é que a clínica medre mantendo sempre a máxima calidade do servizo, tal e como o ofrecemos actualmente. Aínda que aumente o número de pacientes, o meu obxectivo é asegurar que cada un continúe recibindo os mesmos coidados e atencións que se lles ofrecen agora, de maneira que nun futuro poida Ortodoncia Figueiras consolidarse como un referente na ortodoncia de toda a provincia.

**Rúa Camilo José Cela, praza Augas Férreas, 13
27002 Lugo
982 225 870**



*Clinica dental
Mosquera Otero*






- CIRURÍA DENTAL
- PERIODONCIA
- ODONTOLOGÍA RESTAURADORA
- RADIOLOGÍA 3D
- ESCÁNER INTRAORAL

- ORTODONCIA
- IMPLANTOLÓGIA
- ESTÉTICA DENTAL
- PRÓTESIS
- ODONTOPEDIATRÍA

**Te damos
una razón
PARA SONREIR**

📍 Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo

☎ 982.803.132

✉ cdentallugo@gmail.com

🌐 www.mosqueraotero.es

“A persoa con Alzheimer ten que sentirse a gusto consigo mesma e útil”

Falamos con Iria Franco, vicepresidenta e coordinadora da Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas da cidade de Lugo

Jessica Fernandez

Como xorde Afalu?

A Asociación nace da necesidade de familias, que se coñecían na sala de espera das consultas médicas, de dar a coñecer o alzhéimer, xa que, no ano 2002, cando xorde Afalu, o alzhéimer era bastante descoñecido, falábase daquela de demencia senil, pero non había recursos, nin centros especializados. Entón, unímonos un grupo de familias e creamos a asociación. As propias familias, lendo, acudindo a formacións, a xornadas, buscando por todos os sitios para poder facer un pouco de estimulación en casa e despois empezouse a contratar persoal. A primeira empregada foi Esther, que é educadora social e que leva 20 anos traballando con nós. Dela ata agora, con máis de 40 persoas que traballamos, entre os que nos atopamos educadora social, traballadora social, psicólogos, terapeutas, xerocultoras e auxiliares — que son o pilar de Afalu porque son as que fan o traballo máis difícil—, unha mediadora comunicativa, técnicos deportivos porque facemos moitas actividades de envellecemento activo e de prevención... Agora mesmo temos un perfil multidisciplinar para abarcar todas as áreas da enfermidade.

Como valoran a evolución?

Crecemos moito porque a necesidade está aí e tentamos chegar a onde podemos, pero non estamos chegando a todo o que temos que chegar. As familias teñen que vir. Nós temos todos estes recursos, pero témonos para utilizalos. O primeiro que ten que facer unha familia cando hai un diagnóstico é vir falar con nós. Van ter desde o principio un acompañamento, intentando cubrir todas as necesidades que teñan. Estamos a falar de que temos varios centros de día, unidades terapéuticas para cando están en fases iniciais, atención domiciliaria ou estimulación cognitiva domiciliaria, sesións individualizadas, grupos de familias e formacións para familias, que é básico que veñan para que saiban tanto como solucionar problemas actuais como futuros. Sempre é necesario que veñan, que non se queden en casa, que esta enfermidade avanza e con moitas máis complicacións se non se ten axuda e unha guía como podemos ser nós. Estamos a tratar agora mesmo moitas familias, temos o apoio de moita xente, pero sabemos e temos a capacidade de chegar a máis. Entón encantados de que veñan, por favor, sobre todo, isto é o máis importante.

Podería concretar que centros dependen de Afalu?



Si. Temos en Lugo o centro de día público da Xunta de Galicia, que é un centro de día de alzhéimer específico, ten unha ratio de persoal moitísimo máis alta que un convencional e persoal especializado. Ademais, nós, aparte do que esixe a Xunta, poñemos moitos máis técnicos porque creemos que é necesaria unha implicación de técnicos diversos. Por outra banda, temos en Lugo tamén a unidade terapéutica, que está na Casa Clara Campo Amor, que é para persoas que están en fases iniciais, onde facemos estimulación cognitiva, tanto psicolóxica como física de luns a venres, de 9 a 1 e de 4 a 7 e media. Tamén prestamos servizo de terapia a domicilio para aquelas persoas que, por problemas de mobilidade ou depresión (ou outros factores) non poidan acudir aos nosos centros así como sesións individuais ou atención psicolóxica. Moitas veces vén o coidador/a a atención psicolóxica porque realmente se necesita. Temos tamén en Friol outro centro de día privado. Temos en múltiples concellos de Lugo actividades de prevención, como en Muras, en Friol, Cospeito, Rábade, Outeiro de Rei, Becerreá... E todo o que poidamos seguir aumentando sería estupendo e marabilloso. Estamos a falar con diversos concellos para facer outras actividades e tamén podemos ir a asociacións de veciños.

De que maneira se pode previr o alzhéimer?

A prevención é desde o minuto un. Canto antes empeces, mellor. Falamos dun binomio ou dun tándem corazón-cerebro; o que é bo para o corazón é bo para o cerebro. Todo o que sexa dieta saudable, exercicio físico, exercicio de forza, socialización, unha vida activa, non abusar de sustancias que nos poidan facer dano... Todo isto é prevención e está demostrado en múltiples estudos científicos que o alzhéimer xenético é só dun 10 %, do alzhéimer. Polo que a vida sedentaria, non axuda a previr o

alzhéimer. Todos temos claro o que é saudable e o que non é saudable e hai que esforzarse un pouco para ter tamén un envellecemento de moi boa calidade. Todos nos imos morrer, pero non todos imos morrer da mesma maneira. O cerebro tamén é un músculo, conta con neuroplasticidade, entón iso hai que traballalo e conséguese coa estimulación cognitiva e vida activa (entre outros).

Que facer cando hai un diagnóstico?

Cando hai un diagnóstico, ven falar con nós. Calquera persoa que entre por esta porta, recibímola, explícalle e asesorámola sen custo ningún. Se queres vir ademais a terapia, ou vir á unidade ten un custo económico. Pero para a orientación inicial, para que che expliquemos, están as portas abertas. Ese servizo é totalmente gratuito e estamos abertos a que chamen e que veñan as veces que queiran. É básico, porque nós sabemos do que estamos a falar, moitos pasamos por iso. A partir de aí, imos intentar acompañar a esa persoa e que sexa capaz de manter, non de mellorar, xa que non hai cura, as súas capacidades o máximo tempo posible. Hai que tentar que o enfermo siga facendo cousas e que se siga sentindo útil porque segue a ter sentimentos e ao mesmo tempo é

vulnerable. Entón acompañalo con persoal adecuado todo ese tempo e á familia para que saiba tamén como actuar e como axudarlle a que siga facendo cousas é de vital importancia. Hai que ter paciencia e deixar ás persoas que sigan facendo o que poden facer o máximo tempo posible. A dependencia vai estar aí, pero canto máis retrasemos esa dependencia, mellor vai ser tanto para o enfermo como para o coidador. Da nosa parte, os técnicos van axudalos a dicir todas as cousas que poden facer en casa ou axudas técnicas para poder seguir sendo o máis independente posible, porque a todos nos gusta ser independentes. Iso é o que se trata: valorar á persoa e de que se sinta a gusto consigo mesma e útil.

O acompañamento, case tan importante como a estimulación, non?

Sen dúbida. Nós podemos anticiparlles moitas cousas que van pasar e sobre todo dicirlles as opcións que teñen e como van poder atallar estes problemas. Simplemente falar con alguén e que che entendan, que saiban perfectamente o que estás a sentir, axuda moito a estas familias. Ademais, o diagnóstico é moi complicado porque estas persoas non presentan un deterioro cognitivo exactamente igual todos os días. Un diagnóstico de deterioro cognitivo é

máis que suficiente para que a familia se dea contra un muro e leve un bo impacto. Entón, o básico é que veñan e que lles axudaremos.

Cal é a diferenza entre unha demencia e o alzhéimer?

As demencias neurodexenerativas teñen un eixo común, que é o deterioro cognitivo asociado á perda de capacidades que vai sufrindo esa persoa ao longo do tempo. Normalmente, estas demencias poden ser unha demencia tipo alzhéimer, pode ser un Parkinson, pode ser corpos de Lewy, pode ser unha demencia frontotemporal... Falamos máis de alzhéimer porque é o que ten maior porcentaxe de poboación que o sofre. O alzhéimer non é que me esqueza de onde deixei as chaves. O alzhéimer é ter as chaves na man e non saber para que son. Eu sempre poño o símil da caixa de globos: todos os recordos que tes, o teu cerebro acumúalos nunha caixa de globos, pero o alzhéimer o que fai é estourar os globos de arriba, os últimos, e van quedando os de abaixo. Polo tanto, eles son capaces de acordarse do que facían cando tiñan 20 anos e non son capaces de acordarse do que pasou hai 5 minutos. Cando vai estourando moitos globos vai perdendo máis capacidades, como pode ser a de falar, a de andar ou a de tragar. Xera unha perda da capacidade de aprendizaxe.

Contan con apoio para poder seguir o voso camiño no futuro?

Contamos con axudas tanto da Xunta, como da Deputación de Lugo, como do Concello de Lugo e outros concellos que nos están apoiando. No futuro esperamos poder achegarnos máis ao rural. Lugo é unha provincia moi envellecida e sabemos que temos un problema grave de dispersión xeográfica, polo que temos que achegarnos nós a esas persoas. Para iso si que necesitamos máis axuda de concellos, da Xunta ou da Deputación, para poder abrir outras unidades ou servizos de apoio aos coidadores máis preto de onde están a vivir. A medio-longo prazo temos a esperanza de que se abra a residencia para persoas con alzhéimer en Calde, que sería unha residencia non convencional, non para todos os días, senón para descanso do coidador e para situacións como que o coidador principal non poida coidar a esa persoa durante un tempo. Entón, que sexa unha residencia curta ou media estancia, non longa estancia. Se ao final non sae e é unha residencia de longa estancia, encantados tamén, porque realmente se necesita. Hoxe somos nós os que o estamos facendo o labor, pero mañá desfrutaremos destes servizos. Ademais, no interior de Lugo somos unhas persoas de vivir cara dentro e hai que saír e comunicarse. Ter unha conversa cunha persoa enferma é tan importante para o seu benestar psicolóxico e para o noso, e custa tan pouco, que é poñer un pouco por parte de cada un e eu creo que melloraríamos todos na nosa calidade de vida.



Loito no Concello lugués pola morte do concelleiro Pablo Permuy

Desde o Concello expresaron o seu fondo pesar polo falecemento do concelleiro Pablo Permuy Villanueva, acontecido 25 de setembro. A Corporación municipal e o equipo de Goberno lamentaron esta perda irreparable e trasladaron o seu acompañamento á familia, amizades e compañeiros nun momento de enorme dor para a cidade.

Desde a súa incorporación á Corporación en 2023, Pablo Permuy asumiu con responsabilidade algunhas das áreas de maior relevancia do Goberno local, como Economía, Persoal, Contratación e Patrimonio. A súa traxectoria profesional vinculada á xestión económica no Sergas e a súa ampla experiencia no mundo do deporte, especialmente no balonmán, avalaron sempre a súa seriedade, temperanza e capacidade de diálogo.

No exercicio do seu labor público destacou pola proximidade e pola vontade de construír consensos, cualidades que lle permitiron gañar-se o respecto e o aprecio tanto no ámbito político como no persoal. O seu paso polo Concello deixa unha pegada imborrable, tanto polo traballo desenvolvido como polas súas calidades humanas.



Como mostra do pesar polo seu falecemento, o Concello de Lugo declarou tres días de loito oficial no termo municipal, desde as 10:00 horas do 25 de setembro ata as 10:00 horas do domingo 28.

Durante este período, a bandeira municipal ondeará a media asta no exterior da Casa Consistorial e no resto das dependencias municipais. Ademais, suspendeuse o pleno ordinario previsto para esta xornada, así como todos os actos oficiais organizados polo Concello ata a finalización do loito oficial. Ademais, as barracas do San Froilán funcionarán

sen emisións musicais ata a finalización do período de loito.

María Reigosa Castro, funcionaria da demarcación de Costas do Estado, será a próxima concelleira do PSOE en Lugo, tras o falecemento de Pablo Permuy. Reigosa é a persoa á que lle corresponde incorporarse, segundo a orde da candidatura coa que Lara Méndez presentouse á alcaldía de Lugo en 2023 e despois de que Waldir Sinisterra, que estaba diante dela, entrara na corporación municipal en marzo, tras o falecemento da alcaldesa Paula Alvarellós.

EN BREVE



PROTESTA POPULAR. O Grupo Popular de Lugo apoiou a mobilización veciñal da zona norte da cidade e impulsou unha recollida de sinaturas para reclamar medidas que garantisen a seguridade, a conciliación e o peche definitivo e revogación de licenzas de locais con múltiples infraccións acreditadas.



RECICLAXE. O Pazo dos Deportes foi o escenario do acto de entrega dos premios do III Concurso Ningún Aro Sen Rede, correspondente ao curso 2024/2025. Os centros premiados pola maior cantidade de material recollido foron en primeiro lugar o colexio Plurilingüe Franciscanos de Lugo (20,8 kg), representado polo seu director David Méndez Ferreiro.

Do 7 ao 23 de novembro de 2025

Final: 28, 29 e 30 de novembro

XX CONCURSO DE TAPAS DE LUGO



#VIDE DE TAPAS



ORGANIZA:



PATROCINA:



COLABORAN:



O uso do galego nos cemiterios de Galicia: entre a recuperación e a pegada do franquismo

Estudos locais e iniciativas cidadás confirman unha presenza crecente da lingua nas inscricións funerarias, aínda moi minoritaria fronte ao castelán

Nos cemiterios de Galicia, a lingua das lápidas, das esquelas e das fórmulas funerarias é tamén un rexistro da memoria colectiva e das presións históricas sobre a identidade. Durante o franquismo, a presenza institucional do galego foi practicamente nula e isto trasladouse a numerosos ámbitos cotiáns, incluídos rituais funerarios e as inscricións sepulcrais, o que contribuíu a que por décadas o castelán se convertese na lingua de prestixio. A transición democrática e a normalización normativa iniciada logo do 1975 e consolidada co Estatuto de 1981 puxeron o galego en posición de recoñecemento oficial, mais a herdanza sociolingüística non cambia de fío: nas prácticas funerarias mantívose durante anos a tendencia a escoller o castelán, percibido nalgunhas contornas como lingua de maior prestixio, especialmente en ámbitos relixiosos e institucionais. Informes e traballos de campo recentes relatan que, aínda que hai unha recuperación paulatina, a lingua galega segue moi por detrás nas inscricións e ritualística funeraria. As cifras recollidas por distintos proxectos e medios reflicten unha situación crúa pero con matices: in-

vestigacións cidadás e proxectos de catalogación sinalan que en moitos cemiterios un pequeno porcentaxe de lápidas aparece redactado en galego —nunha das sondaxes citadas incluso apuntouse que só arredor do 5% estaban en galego— mentres que outras avaliacións e iniciativas locais, especialmente as realizadas desde movementos culturais e polos propios concellos, detectan incrementos que sitúan a presenza en cifras superiores nalgúns territorios, incluso ata o 20% segundo algún traballo. Esa dispersión estatística amosa que existe variabilidade xeográfica e metodolóxica, e subliña a necesidade de estudos sistemáticos e homologados para coñecer a verdadeira dimensión do fenómeno. Ao mesmo tempo, desde colectivos culturais e institucións como o Consello da Cultura Galega fóronse promovendo iniciativas de rexistro, catalogación e visibilización das inscricións en galego, e tamén exposicións e proxectos divulgativos que procuran valorizar a lingua no espazo da memoria. Exemplos recentes de investigacións locais e mapas colaborativos apuntan a que aínda que existe unha reacción comunitaria

que trata de recuperar a linguaxe funeraria en galego como forma de recoñecemento da identidade lingüística das persoas falecidas. Así, nas últimas dúas décadas empezou a documentarse unha recuperación parcial. O labor dun centenar de persoas voluntarias que percorren Galicia para visualizar camposantos e recompilar datos de case 60.000 familias permitiu elaborar unha panorámica que confirma esa tendencia. Entre elas está o escultor Pablo López, quen iniciou o seu traballo na parroquia de Fonfría, na Fonsagrada, cun “paseo investigador” para rexistrar epitafios, analizar materiais e mesmo inventariar arquitectura, pintura e escultura dos templos. A súa observación é clara: a porcentaxe de

Na provincia de Lugo, profesoras como Ana Rodríguez Barreiro, Lines Salgado Iglesias e Beatriz López Dourado constataron incrementos significativos en Meira, Terra Chá e na propia capital

inscricións que incorporan palabras como “muller”, “home”, “fillos” ou “netos” medra de xeito progresivo, cunha aceleración evidente no século XXI. En lugares como Santo André de Logares, oito das setenta familias deron o paso de escribir en galego; en Burón, Fonfría, Suarna ou Padrón a presenza tamén aumenta, mentres que no casco urbano da Fonsagrada a porcentaxe baixa ata un 2%. No mesmo sentido apunta a escritora Emma Pedreira, que percorreu cemiterios locais no marco do seu libro *As horas mortas* e documentou máis de cinco mil propiedades funerarias. En Sada realizou 3.660 visualizacións, nas que apenas 16 familias mantiveron estabilidade no galego, unha cifra que cualificou de “tesouros dignos dunha antoloxía”. A súa investigación comparativa entre espazos urbanos e rurais —Veigue, Cangas ou Centroña— mostra a desigual implantación do idioma segundo o territorio, mais tamén unha tendencia emerxente que se confirma co relevo xeracional. O xornalista David Canto Veiga coor-



dinou boa parte destes traballos e puxo en marcha un mapa divulgativo presentado no Consello da Cultura Galega en 2024, que compila información recollida en Galicia, Asturias occidental, O Bierzo e As Portelas zamoranas. Nel evidénciase que as primeiras xeracións alfabetizadas en galego durante a democracia son hoxe as que deciden sobre a lingua das inscricións dos seus familiares. Ese cambio xeracional está acompañado dunha maior transversalidade: participan máis mulleres, e o galego escrito deixa de ser exclusivo das persoas con estudos superiores.

Na provincia de Lugo, profesoras como Ana Rodríguez Barreiro, Lines Salgado Iglesias e Beatriz López Dourado constataron incrementos significativos en Meira, Terra Chá e na propia capital provincial. En Bande, unha iniciativa encabezada por Manuel Rivero Pérez e Adolfo Fernández Dafonte localizou unha inscrición en galego datada en 1924 no cemiterio de Baño, un achado excepcional que retrotrae a presenza escrita da lingua máis atrás do que se cría. En Chantada, a docente Tania Vázquez García, no marco do proxecto educativo Palabra e Memoria, analizou máis dun milleiro de familias e comprobou que en parroquias como San Salvador de Asma ou San Xurxo a porcentaxe de inscricións en galego, aínda reducida, amosa unha clara tendencia á alza. Segundo os seus datos, arredor dun 4% das familias xa optan polo idioma propio, un resultado semellante ao doutras zonas rurais. A perspectiva histórica é elocuente: no século XIX, tras o Rexurdimento, houbo exemplos illados de inscricións en galego, como a de Rosalía de Castro en Bonaval en 1891, mais logo chegou un longo período de escuridade no que desapareceron termos tan esenciais como “fillos” ou “netos” das lápidas. As iniciativas de sensibilización dos anos noventa, como *En galego agora e sempre* ou *Palabra e Memoria*, abriron camiño,

mais non foi ata a década de 2010 cando os avances comezaron a consolidarse.

A día de hoxe, o uso do galego nos cemiterios segue a ser minoritario e desigual, con porcentaxes que se moven entre o 2% de certas vilas e o 20% nalgúns concellos rurais. A explicación está na combinación de factores: o peso simbólico do castelán como lingua de prestixio, a inercia dos servizos funerarios, a liturxia relixiosa maioritariamente en castelán e a propia actitude das familias. Mais tamén hai sinais de cambio: a implicación das novas xeracións, o traballo de investigación cidadá e o interese institucional que comeza a abrir camiños.

Desde a perspectiva dunha política lingüística eficaz, o reto pasa por combinar medidas simbólicas e prácticas: promover que os rexistros civís e institucionais faciliten e normalicen o galego nas certificacións e documentación funeraria; ofrecer materiais e guías aos servizos funerarios e talleres de lapidaria para o uso correcto do galego; impulsar campañas informativas que sensibilicen sobre a importancia de nomear e despedir na lingua da persoa; e fomentar estudos sistemáticos que xeren datos comparables sobre a evolución por comarcas e concellos. Estas accións non só teñen un efecto simbólico senón que tamén contribúen a reparar a invisibilización histórica e a fortalecer a normalización lingüística no ámbito máis íntimo das familias.

Con todo, a transformación depende en grande medida das decisións das familias e das comunidades locais: a lingua das lápidas seguirá sendo un espello das actitudes colectivas cara ao galego. A recuperación parcial que documentan proxectos e xornalismo local mostra que a lingua pode volver ocupar o lugar que lle corresponde nas despedidas, mais tamén que esa recuperación será desigual se non se acompaña de políticas públicas e iniciativas culturais coherentes.



Lugo prepárase para o Concurso de Tapas con máis de 40 locais

A XX edición do Concurso de Tapas de Lugo celebrarase entre o 7 e o 23 de novembro, cunha ampla participación da hostalería local. Os establecementos ofrecerán as súas creacións a todas as persoas que desexen degustalas e puntualas, converténdose así en xurado popular para elixir a tapa gañadora e as finalistas, que logo serán avaliadas por un xurado profesional.

As persoas que participen poderán votar mediante un cupón individual, que deberá ser selado polos establecementos participantes. Cada tapa poderá recibir unha puntuación do 1 ao 5, e todos os cupóns presentados entrarán no sorteo de distintos premios, cuxo valor dependerá do número de establecementos puntuados.



A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, destacou a importancia do certame para a cidade e para a promoción turística como destino sostible, así como para o sector da hostalería. Durante un encontro co presidente da Asociación Provincial de Empre-

sarios da Hostalería e Turismo de Lugo (APEHL), Cheché Real, Ferreiro subliñou que este ano participarán máis de 40 establecementos. Pola súa banda, Cheché Real resaltou "o compromiso da área de Turismo co sector da hostalería na realización deste concurso".

Cheché Real renova como presidente dos hostaleiros galegos

O director de Turismo de Galicia, Xosé Merelles, e o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, asistiron ao acto de toma de posesión de Cheché Real, que renova o seu cargo á fronte da Confederación Galega de Empresarios de Hostalaría e Turismo.

Durante o acto, Merelles puxo en valor a relevancia das entidades asociativas do sector, ás que cualificou de fundamentais para enriquecer as políticas turísticas.

Ademais, defendeu a necesidade dun diálogo construtivo e constante entre todas as partes implicadas, co obxectivo de consolidar un modelo de xestión que xa



comeza a ofrecer resultados en ámbitos como a desestacionalización, a diversificación da oferta e a internacionalización do destino Galicia.

Volven poñer en marcha os vieiros escolares seguros Camiño ás Aulas

Coincindo co inicio do curso escolar 2025-26, a Tenencia de Alcaldía retomou os Veiros Escolares Seguros baixo a denominación de Camiño ás Aulas, unha iniciativa que permitiu ás nenas e nenos dos CEIP Albeiros, Casás, Luís Pimentel, Paradai e Rosalía de Castro desprazarse desde as súas vivendas ata os colexios mediante percorridos peonís seguros. A concelleira de Educación, Iria Buide, destacou que o proxecto non só fomentou hábitos saudables, senón que tamén serviu para que o alumnado coñecese os novos espazos peonís creados nos últimos anos. O programa funcionou mediante o acompañamento do estudantado por monitores ao longo de todo o

curso, con diferentes puntos de recollida para que cada neno e nena puidese unirse no lugar máis próximo á súa vivenda. A chegada aos colexios realizábase, como máximo, cinco minutos antes da hora de entrada.

A posta en marcha dos vieiros escolares implicou tamén un cambio nos hábitos de mobilidade da cidadanía, reducindo o uso do vehículo privado. Iria Buide salientou que as medidas de calmado de tráfico executadas pola área de Mobilidade nos últimos anos fixeron posible que os centros dispuxesen destes percorridos seguros, garantindo a seguridade viaria e un entorno escolar máis sostible.

As rutas abrangueron varias zonas da cidade. No CEIP Paradai o traxec-

to partía da Rúa Santo Graal, incluíndo rúas como Mar Cantábrico, Camiño Real, Menorca e San Lourenzo. O CEIP Albeiros contou con dúas rutas: unha desde a confluencia da Avenida da Coruña coa Rúa Xenebro e outra desde a Avenida da Coruña coa Rúa Illas Canarias. No CEIP Abella a saída establecíase en Rolda do Carme con Marqués de Ombreiro, mentres que no CEIP Rosalía de Castro o camiño partía da Rolda da Muralla, atravesando o centro histórico ata a Porta de San Pedro. Finalmente, no CEIP Luís Pimentel a ruta comezaba no aparcadoiro disuasorio da Rúa Manuel María, continuando pola Avenida da Coruña e outras rúas adxacentes.

Alberto Losada renova por un voto a presidencia da protectora

Alberto Losada foi elixido presidente da protectora nunhas eleccións marcadas pola mínima diferenza, cun único voto de vantaxe sobre a súa competidora, Carla Cociña. A lista de Losada obtivo 68 apoios, mentres que a candidatura de Cociña acadou 67.

O proceso xerou unha asamblea moi tensa, con críticas ao método de recuento e especialmente a un voto emitido ao límite do peche de votacións. Algúns membros da lista alternativa manifestaron a súa intención de impugnar os resultados e reclamar unha repetición da elección, ao considerar que o proceso non reflicte realmente os intereses da maioría dos socios.

Aínda que Carla Cociña e o seu equipo aínda non decidiron se formaliza-



rán a impugnación, Alberto Losada mostrouse satisfeito co resultado e comprometeuse a traballar con afán, mantendo como prioridade o benestar dos animais e continuando coas reformas e ampliacións necesarias na protectora para mellorar as súas condicións.



¡Peeling Herbal!
 • Manchas
 • Acné
 • Poro aberto
 • Píeles envejecidas

ORBALLO ESTÉTICA INTEGRAL E BENESTAR

¡Devuelve la vitalidad a tu piel!
 Reserva tu cita escribiendo
 whatsapp al 636 384 715

Ronda das Fontiñas 320, baixo • 636 384 715 • www.orballoestetica.com



erika pilates center

Pilates en grupos reducidos • Pilates preparto • Pilates postparto
 Abdominales hipopresivos • Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
 Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

O PSOE acusa á Xunta por non destinar ningún euro do Fondo de Compensación á provincia de Lugo

A portavoz de Facenda do Grupo Socialista, Patricia Iglesias, criticou que a Xunta destinou “cero euros” do Fondo de Compensación Interterritorial -FCI- ás provincias de Lugo e Ourense, empregando unhas partidas pensadas para salvar os desequilibrios internos para “agrandar a fenda entre territorios”.

Así o dixo no debate dunha proposta para reclamar a mellora da xestión do FCI por parte do goberno que foi rexeitada polo PP.

A responsable socialista empregou os datos do último informe do Consello de Contas sobre a xestión deste fondo no que alerta de que Galicia é a segunda Comunidade Autónoma con peor índice de execución do FCI, que nin sequera chegou ao 50 por cento en 2022. Ademais, criticou o “esquecemento” das provincias do interior, que é “a crónica dun abandono anunciado”, con “menos fondos, menos execución, máis desigualdade”.

O pleno local rexeita a moción do PP sobre os contadores de auga

O Concello de Lugo celebrou un pleno extraordinario no que se trataron diferentes asuntos de interese municipal, entre eles a situación dos contadores de auga. Durante a sesión, o Grupo Popular presentou unha proposta para que se clarificase cales son os modelos de contadores que deben instalar os lucenses antes do prazo fixado pola normativa estatal, que remata en outubro.

Segundo o PP, dende o ano 2020 xa se sabía que os contadores con máis de 12 anos debían ser renovados ou verificados antes do 24 de outubro de 2025, pero a súa proposta para establecer criterios claros foi rexeitada polo bipartito formado por PSOE e BNG. Os populares sinalaron que, a pesar do voto en contra, o bipartito se viu obrigado a recoñecer que é responsabilidade do Concello liderar este proceso,

unha rectificación que, segundo o PP, só se produciu pola presión da oposición.

O Grupo Popular subliñou que “cando tes os deberes sen facer e a oposición che amosa os erros, o mínimo que se espera é rectificar, poñerse a traballar e pedir desculpas” e insistiu en que PSOE e BNG teñen a responsabilidade de xestionar con seriedade e rigor para evitar improvisación e falta de planificación.

Pola súa banda, o alcalde de Lugo, Miguel Fernández, cualificou o pleno como innecesario, afirmando que o tema podería ser tratado perfectamente no próximo pleno ordinario, evitando gastar recursos e tempo en cuestións políticas: “Quedou claro que non se busca ningún acordo nin solución, senón crear alarma e sacar réditos políticos, como en case todas as actuacións que están a levar a cabo”.

Lugo acolle a primeira edición de TurisTalent

O Goberno local puxo en marcha a primeira edición de TurisTalent 5.0, unha aceleradora pioneira en Galicia dedicada ao turismo e á enogastronomía, que contará coa participación de doce proxectos innovadores. O programa desenvolverase nun proceso intensivo de acompañamento que se prolongará ata xaneiro de 2026, e comezará este venres no Edificio Impulso Verde co Talent Day, unha xornada de benvida que combinará traballo colaborativo, primeiros pitches e dinámicas de interacción entre os equipos seleccionados. O edil de Dinamización Económica, Mauricio Repetto, destacou que con TurisTalent “reforzamos a competitividade do noso sector turístico e enogastronómico ao tempo que apoiamos o talento emprendedor que nace en Lugo” e engadiu que a aceleradora “nace cunha clara vocación de futuro, dando un espazo para consolidar e facer crecer ideas innovadoras arredor do patrimonio, a dixitalización e a sostiabilidade”.

Pola súa banda, o alcalde Miguel Fernández subliñou que a iniciativa su-

pón “unha oportunidade única para apoiar o talento emprendedor, impulsar ideas innovadoras e reforzar a competitividade do sector turístico e enogastronómico”. O rexedor explicou que os equipos contarán con acompañamento durante todo o proceso para transformar as súas ideas en proxectos empresariais viables, xerando emprego cualificado e novas oportunidades para Lugo.

O Talent Day permitirá aos equipos coñecerse, participar en talleres prácticos, dinámicas de traballo colaborativo e simulacións de pitches de dous minutos, gravados para a súa posterior análise. A xornada incluírá tamén sesións de perfeccionamento da comunicación con expertos e espazos de networking.

Entre os proxectos seleccionados destacan propostas que van desde experiencias turísticas inmersivas ata solucións dixitais de última xeración. Enmárcase no Plan de Sostiabilidade Turística en Destino *Et Edendo, Lucus: un percorrido histórico pola enogastronomía*, e conta con dous millóns de euros de fondos europeos.



Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Si tu programa de facturación no es actualizable a la nueva Ley Crea y Crece (VERIFACTU), llámanos y te informamos. Puede salirte gratis a través de "KIT DIGITAL".

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

EMPRESARIOS



O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, participou en Lugo na xuntanza anual da asociación de empresarios dos polígonos do Ceao e As Gándaras. Arias destacou “o papel dos empresarios, os autónomos e os emprendedores no desenvolvemento social e económico dos concellos da nosa provincia” e reiterou o compromiso da Xunta para seguir avanzando nese obxectivo traballando coordinadamente co sector.

CCOO recolle miles de sinaturas en defensa dos servizos públicos municipais

A Unión Comarcal de CCOO de Lugo, xunto coa Sección Sindical de CCOO no Concello, deu a coñecer os resultados dunha campaña de recollida de sinaturas levada a cabo nos últimos meses entre a veciñanza da cidade. A iniciativa reuniu miles de adhesións, o que evidencia unha ampla mobilización social en defensa dos servizos públicos municipais e reflicte a preocupación da cidadanía pola calidade da xestión dos recursos públicos.

Entre as principais reivindicacións recollidas destacan a oposición á privatización dos servizos municipais, a garantía dos dereitos laborais do persoal do Concello e a dotación suficiente de medios humanos e materiais en todas as dependencias municipais para asegurar unha prestación eficaz e de calidade. Segundo CCOO, a cidadanía demanda que os recursos públicos se xestionen de forma responsable, transparente e orientada ao reforzo dos servizos públicos, e non á súa debilitación. O sindicato destacou que o alcalde asumiu persoalmente este compromiso asinando as demandas, un xesto que CCOO valorou como un acto de coherencia e responsabilidade institucional.



C/ Dr. Fleming, 8 - Lugo
Tel.: 982 815 622

OPOSICIONES MAESTROS

PRIMARIA

- Temario propio
- Toda la legislación resumida
- Resolución de casos prácticos
- Elaboración de la P. Didáctica
- Defensa de la P. Didáctica
- Exposición de la U. Didáctica
- Simulacro de examen
- Grupos reducidos

jmrivas.es



C/ Juana Nogueira, 7B - Santiago
Tel.: 981 553 622

ASOCIADOS EN LUGO OPOSICIONES

ENSEÑANZA SECUNDARIA

- Tecnología
- Matemáticas
- Física y Química
- Informática
- Sistemas Electrónicos
- Sistemas E. y Automáticos

pertiga.es

CURSO DE PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
del 13 de septiembre al 25 de octubre

CIRCUITO DE TEATRO PROFESIONAL 2025

Trécola Producións · Xamón Producións · Ítaca Teatro
Ubú Teatro · Teatro do Miolo · Señor López Producións
Satori Teatro · Lílâ Teatro · Bátega Teatro · Mircromina
Títeres · A Compañía Solitaria do Dr. Monifate · Loia
Producións · Tarabela Creativa · Bengala Teatro Físico
Enésima · ZoeVixion



DEPUTACIÓN
DE LUGO



VICEPRESIDENCIA

Cultura



Concentración no IES Lucas Augusti para pedir a finalización das obras

O profesorado do IES Lucas Augusti convocou unha concentración para reclamar á Xunta de Galicia que remate as obras no centro e permita o uso normal de todos os espazos, algúns deles aínda inhabilitados tras os traballos previstos para o verán. A concelleira de Educación e Difusión do Coñecemento, Iria Buide, asistiu á mobilización, acompañada polo concelleiro Alexandre Penas, e destacou que a situación impide que a actividade educativa se desenvolva de forma habitual. Durante a concentración, Buide tamén apoiou a reclamación das familias afectadas polo recorte no transporte escolar do IES Sanxillao e esixiu á Xunta unha solución rápida a unha problemática que afecta a moitas familias da cidade. A concelleira criticou a actuación da Xunta, sinalando que “un ano máis, co inicio de curso, chegan os recortes en servizos, sen avisar, impedindo que as familias poidan organizarse”.

A edil lembrou que, mentres o Concello continúa mellorando os servizos educativos municipais, este ano prestando o servizo de madrugadores en todos os centros para facilitar a conciliación familiar, a Xunta segue a recortar e a complicar a xestión dos servizos. Buide subliñou que “o Concello de Lugo cubre servizos para que as familias lucenses poidan conciliar mentres que o Partido Popular cada ano merma a calidade dos poucos servizos que presta directamente”. Por outra banda, persoal do departamento de restauración do Museo Provincial visitou o IES Lucas Augusti para examinar o estado do exemplar da primeira edición do Mapa de Fontán que se conserva no centro educativo. A deputada de Cultura lamentou que “na execución das obras, que xa están a alterar o inicio do curso, a Xunta tampouco tivese en conta a existencia de bens de gran valor patrimonial como o Mapa de Fontán”.

A nova estación de autobuses de Lugo estará lista a finais de 2026

A futura estación de autobuses de Lugo, integrada no proxecto da intermodal, avanza cara á súa finalización prevista para o outono de 2026. O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, acompañado pola directora xeral de Mobilidade, Judit Fontela, visitou os traballos, que contan cun investimento de 14 millóns de euros nesta fase e que abranguen tamén a construción dun aparcadoiro subterráneo con capacidade para 250 vehículos. O conselleiro fixo coincidir esta visita coa Semana Europea da Mobilidade, que este ano leva por lema “Mobilidade para todas as persoas”. Subliñou que os obxectivos desta celebración están en liña coa aposta da Xunta por un transporte público accesible, seguro e inclusivo. Lembrou, ademais, que Galicia xa dispón de estacións intermodais en Santiago, Vigo, Ourense e Pontevedra, mentres que as de A Coruña e Lugo seguen en execución grazas á cooperación institucional. Segundo explicou Calvo, o aparcadoiro subterráneo supera xa o 80 % de execución e estará operativo antes de rematar o ano, agás as conexións eléctricas pendentes. Na terminal de autobuses, a cimentación está rematada e avánzase na construción dos piares, accesos e núcleo de escaleiras e ascensores, prevéndose a próxima instalación da estrutura metálica do edificio principal. A estación contará cunha superficie de 7.700 metros cadrados, 18 dársenas para viaxeiros e cinco



de regulación, ademais dun edificio complementario con cafetería, oficinas e zonas de servizos. O conselleiro incidiu en que a intermodal só acadaría todo o seu sentido coa chegada do AVE a Lugo. Nese sentido, reclamou ao Goberno central que execute as variantes ferroviarias pendentes e mellore as conexións con Ourense e A Coruña, lembrando que actualmente os usuarios sofren transbordos en Ourense pola electrificación do tramo e que se perderon servizos madrugadores cara Madrid. Aemais, Calvo repasou outras medidas impulsadas pola Xunta en materia de mobilidade, como axudas á renovación de flotas de transporte, subvencións ao taxi e descontos a través da Tarxeta de Mobilidade, coa que menores de 21 anos e maiores de 65 poden realizar ata 60 viaxes gratuítos ao mes. Antes desta visita, comprobou tamén os traballos de mellora da accesibilidade nas paradas de bus da

rede autonómica, financiados con fondos europeos. O plan permitirá actuar en máis dun milleiro de puntos en Galicia, 29 deles en accesos a Lugo e 49 en toda a provincia, cun investimento de máis de 2 millóns de euros.

A VELLA ESTACIÓN. O portavoz do BNG no Concello, Rubén Arroxo, anunciou que o BNG continuará facendo unha intensa campaña “incluírá accións a pé de rúa e iniciativas en diversas institucións como o Parlamento Galego”, e que permitirá avanzar “na transformación urbana da cidade creando un gran parque verde de máis de 27.000 metros cadrados, integrando os xardíns da Praza da Constitución e conectando coa Praza de Breña e o Vello Cárcere”. A proposta inclúe a creación dun paso soterrado para vehículos que una a rúa Dinán e a avenida Anxo López Pérez “eliminando na práctica o tráfico rodado nesta zona”, explicou Arroxo.

Comeza a construción do novo aparcadoiro na rúa Rof Carballo

O Concello puxo en marcha as obras de construción dun novo espazo público de estacionamento na rúa Rof Carballo, no barrio das Fontiñas. O proxecto busca aproveitar un terreo municipal que xa viña sendo utilizado de maneira informal como aparcadoiro, dotándoo de infraestrutura adecuada para garantir a súa integración urbanística e mellorar a comodidade das persoas usuarias. As actuacións contemplan a creación dun pavimento de formigón pulido para a zona de acceso e manobra, mentres que os espazos de estacionamento disporán dun chan de herba armada de dez centímetros sobre unha base de grava de 25 centímetros. O conxunto estará delimitado por bordillos de dobre



capa e rodeado de zonas verdes, nas que se plantarán enebros e breixos. Ademais, a fachada da parcela que dá á rúa San Xillao será axardinada para favorecer a súa integración coa contorna urbana. A intervención, adxudicada á em-

presa Ogalia, conta cun orzamento de 43.076 euros e un prazo de execución de dous meses. Arroxo destacou que a obra permitirá ampliar a capacidade de estacionamento no barrio, mellorando a vida das veciñas e veciños da zona.

Instan ao Concello a que asuma o aparcadoiro da avenida Breogán

A Xunta insta ao Concello a asumir a xestión do aparcamento disuasorio da Avenida de Breogán, tendo en conta que xa finalizaron as obras. Os traballos do aparcadoiro xa remataran en outubro do ano pasado e, ademais, entre abril e maio deste ano executáronse as reformas demandadas polo Concello para corrixir as augas de escorrentía coa implantación dunha obra de drenaxe transversal na rúa Monte Pena Rubia. Unha vez rematados os traballos, a directora xeral de Mobilidade, Judit Fontela, remitiu unha carta o pasado xuño ao alcalde, Miguel Fernández, informando da finalización e

recepción das obras. Así, a Xunta lembra que as obras están rematadas hai meses, polo que insiste na necesidade de que o Goberno local asuma a súa titularidade e, polo tanto, a súa explotación, mantemento e conservación coa finalidade de abrillo e poñelo a disposición da cidadanía. A Administración autonómica destinou un investimento de case 1,2 millóns de euros na construción do aparcamento disuasorio da Avenida de Breogán, financiado pola UE ao abeiro dos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Avanza a obra de desdoblamento final da avenida Infanta Elena

A Avenida Infanta Elena de Lugo encara a fase final do seu desdoblamento e humanización, un proxecto que transformará a principal vía de acceso á cidade polo norte. Esta semana avanza os traballos coa colocación das beirarrúas no último tramo de 456 metros, situado entre a glorieta de Garaballa e a de Benigno Rivera.

A actuación, que xa remodelou máis de dous quilómetros da estrada desde a glorieta do 25N, supón un investimento global de 2,445 millóns de euros por parte da Deputación de Lugo. O proxecto contempla unha plataforma de 32,5 metros de ancho con dous ou tres carrís de circulación en cada sentido, carrís bici, beirarrúas, arborado e novo mobiliario urbano como bancos e papeleiras. Tamén se inclúe a renovación das redes de abastecemento, saneamento e iluminación para dotar a zona dos servizos necesarios ante o futuro crecemento da cidade.

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, explicou durante unha visita ás obras que “se todo continúa como ata agora, entre outubro



e novembro teremos completo un acceso espectacular, o mellor que terá Lugo e onde máis falta fai pola afluencia de tráfico que rexistra”. Avanzou ademais que en dez ou quince días poderase comezar co estendido do outro carril unha vez rematen os traballos nas marxes coa instalación das tubaxes.

Pola súa banda, o alcalde de Lugo, Miguel Fernández Méndez, destacou que xa é visible a transformación

deste acceso, especialmente relevante pola proximidade de zonas comerciais e industriais. Subliñou que a actuación permitirá contar cun espazo arborado, con iluminación e novo mobiliario urbano, adaptado a un modelo de cidade aberta e sostible. Tamén agradeceu o compromiso da Deputación e o esforzo económico realizado, que permitirá continuar con proxectos de mellora noutros accesos como a Avenida Adolfo Suárez.

Mellorarán a eficiencia enerxética do alumeadado en Ramón Ferreiro

O tenente alcalde Rubén Arroxó deu conta dos traballos executados nas últimas semanas dentro do plan municipal de renovación da rede de alumeadado público, co obxectivo de mellorar a eficiencia enerxética e garantir unha iluminación de calidade en toda a cidade. Segundo explicou Arroxó, “seguimos traballando en distintas zonas de Lugo para garantir un alumeadado eficiente, reducindo

o consumo eléctrico e eliminando zonas escuras, ao tempo que melloramos a seguridade e o benestar da veciñanza”.

Nos últimos días comezaron os traballos, que consisten na substitución de 33 puntos de luz de 250W, que serán substituídos por puntos de luz LED de 100W, ademais, o pintanse os soportes das luminarias, garantindo unha mellora estética da contorna.

Arroxó salientou que “a renovación do alumeadado público permite harmonizar a contorna, unificar a temperatura de cor e mellorar a uniformidade lumínica, eliminando zonas escuras e reducindo o risco de avarías”. Ademais, subliñou que estes traballos contribúen á redución do gasto público e dos residuos xerados, ao recuperar luminarias existentes e adaptar a rede ás novas tecnoloxías.

EN BREVE



LIMPEZA DE LEIRAS. A Asociación Veciñal Porta de Lugo e a Federación de Asociacións de Veciños Lucas Augusti trasladaron á concellaría de Medio Ambiente a súa preocupación polo estado de abandono de varias leiras do barrio do Sagrado Corazón, nas inmediacións do colexio homónimo.



MARQUESIÑA. A Federación de Asociacións de Veciños, xunto coa Asociación de Veciños Terras de Magoi e Fingoi, fixo público o seu malestar polo estado dunha marquesiña de autobús da Avenida de Magoi. Segundo denuncian, a estrutura presenta un deterioro evidente que implica un risco tanto para as persoas que transitan como para quen agarda polo transporte.



RÚA AZOR. A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa vén de trasladar á Concellería de Vías e Obras do Concello de Lugo unha demanda que cualifica de urxente pola situación na que se atopa a rúa Azor, no barrio. Segundo denuncian, a vía presenta un deterioro moi acusado, con numerosas fochancas e desperfectos.

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com



O PP visita as obras de mellora do Anxo Carro e reclama o novo pavillón

Os deputados do Grupo Popular Elena Candia, Cristina Sanz e José Manuel Mato achegáronse ao estadio Anxo Carro para comprobar o avance das obras de mellora que a Xunta de Galicia está a levar a cabo. Os traballos, cun investimento próximo aos 3,6 millóns de euros, buscan que o estadio estea listo para o inicio da tempada 2026-2027 e inclúen a construción de novas gradarías en toda a instalación, adaptadas á realidade urbana e ás necesidades actuais do Club Deportivo Lugo e da súa afección. A reforma permitirá aumentar o aforo nun 20 %, pasando dos 5.400 espectadores actuais a preto de 6.500. Entre as actuacións destacan a construción dunha nova grada no fondo sur con capacidade para máis de 1.300 persoas e melloras nas tres gradarías existentes, centradas en accesibilidade, funcionalidade e seguridade. Con todo, gran parte da afección lucense criticou a visita dos deputados, sinalando que a lentitude das obras é evidente e que a reforma resulta insuficiente. Algúns comentaron que “é unha pequena reforma do estadio”, mentres outros apuntaron que deixar descubertas as gra-

das General 1 e 2 é inaceptable cun clima como o de Lugo, que o aforo mínimo debería establecerse en 8.000 persoas e que o proxecto non contempla novos videomarcadores. **NOVO PAVILLÓN.** O concelleiro popular Damián Carballo denunciou os continuos atrasos no proxecto do novo pavillón polideportivo, presentado hai catro anos e que, segundo afirmou, segue sen executarse. O edil lamentou que nin o actual alcalde, que foi responsable da área de Deportes, nin o BNG, que conta cunha importante dotación económica desde a Deputación, estean á altura na xestión das infraestruturas deportivas. Carballo asegurou que a saturación das instalacións existentes está a prexudicar a planificación de adestramentos e competicións, tanto das disciplinas federadas como do deporte base, e advertiu de que se perde xa a cuarta tempada. Lembrou que o proxecto se presentou con infografía e publicidade, pero que o seu orzamento pasou de 2,9 a 5 millóns de euros, e que mesmo se tiveron que retirar as bases da licitación tras ser denunciadas polos colexios profesionais.

A Xunta destina unha partida á cuberta do Pazo de Feiras

O Pazo de Feiras e Congresos de Lugo afronta a súa segunda fase de melloras, centrada na rehabilitación da fachada e das cubertas de acceso aos pavillóns, cun investimento da Xunta de case 320.000 euros previsto para 2026, dentro dun proxecto global de máis de 700.000 euros compartido con achegas da Deputación e do Concello de Lugo. Estes traballos suceden aos que se están a realizar este ano no lucernario, nos baños e na protección fronte a incendios, cun investimento de preto de 255.000 euros, dos que a Xunta aporta máis de 114.000 euros. Segundo destacou o director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, as actuacións teñen como

obxectivo potenciar o Pazo de Feiras e Congresos dentro do mapa de recintos feirais de Galicia. A intervención enmárcase no Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, que busca impulsar os recintos feirais mediante a xeración de sinerxías de xestión, captación, coordinación e programación de eventos comerciais, así como converter estes espazos en referentes de demostración tecnolóxica e innovación ao servizo do sector comercial galego. O proxecto foi aprobado na reunión extraordinaria do Padroado da Fundación Feiras e Exposicións de Lugo, á que asistiron telematicamente Gabriel Alén e os representantes de todas as institucións.

Inician a construción do paseo que unirá as sendas do Miño e o Rato

O Concello de Lugo iniciou a obra que permitirá conectar o paseo fluvial do Rato co do Miño, creando un itinerario continuo que circunvala a zona sur da cidade e mellora a accesibilidade a dous dos principais cauces fluviais. A actuación inclúe a preparación do terreo, nivelación da plataforma e construción dunha senda de dous metros de ancho con pavimento estable, bordos de granito e sistemas de drenaxe, ademais de bancos, papeleras metálicas e iluminación con 17 luminarias LED. A intervención abrangue máis de 20.000 metros cadrados e incorpora un plan de integración ecolóxica, coa plantación de especies autóctonas como carballos, freixos, abidueiras ou bidueiros, sementeira de céspede e instalación de casetas-refuxio para esquivos, reforzando o valor natural e paisaxístico da contorna. O prazo



estimado de execución é de catro meses e o proxecto conta cun investimento de 225.000 euros achegado pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil, que tamén se encarga da redacción e execución das obras. O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, destacou que a actuación permite gañar espazos naturais, mellorar a conexión coa cidade e avanzar

nun modelo urbano máis verde e sostible. Pola súa banda, José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, salientou que o proxecto favorece o uso seguro e sostible do patrimonio fluvial e natural, exemplificando a colaboración institucional que fai realidade estas melloras para a cidadanía.

O Concello abre o aparcadoiro das Gándaras e inviste en vías do Ceao

O Concello de Lugo puxo xa a disposición dos usuarios o aparcadoiro do campo de fútbol das Gándaras, unha vez rematadas as obras de mellora e adecuación realizadas con fondos municipais. O alcalde, Miguel Fernández, visitou esta mañá o estacionamento xunto a veciños do barrio, destacando que se trata dunha resposta ás peticións dos equipos que adestran nestas instalacións. A intervención supuxo un investimento de 15.000 euros e culmina un proceso iniciado en xaneiro de 2024, cando a área de Deportes iniciou as negociacións coa Subdelegación de Defensa para conseguir a cesión temporal dos terreos, de propiedade militar. O acordo permitiu legalizar o uso da parcela e licitar en agosto pasado os traballos de acondicionamento, que agora conclúen co estacionamento operativo. O rexedor municipal puxo en valor o labor de Jorge Bustos, edil de Deportes, que impulsou as conversas co Ministerio de Defensa e que permitiron dar viabilidade ao proxecto. Fernández sinalou que a actuación beneficiará directamente aos seis clubs de fútbol que utilizan diariamente o campo das Gándaras, en horarios de tarde, e que complementa outras melloras xa realizadas, como a ampliación da cuberta do campo 2. As instalacións acollen tamén cada fin de semana numerosas competicións, con ata quince partidos entre fútbol 8 e fútbol 11, tanto en ligas locais como galegas, o que fai do novo aparcadoiro un servizo esencial para



deportistas, familias e público asistente. **O CEAO.** No Polígono do Ceao executáronse diferentes actuacións dentro do plan de renovación da sinalización horizontal, co obxectivo de mellorar a seguridade viaria nunha zona que soporta un importante tráfico pesado. Entre os traballos programados destaca a próxima renovación do asfalto na rúa da Agricultura, cun orzamento de 143.320,20 euros, que inclúe a substitución de tubaxes de fibrocemento por fundición dúctil e a renovación da capa de rodadura en quente mantendo a cota do pavimento. Ademais, está prevista a renovación das beirarrúas en diferentes rúas do polígono, con 818 metros de novo formigón que ofrecerá maior resistencia ás cargas de vehículos e menor mantemento que as baldosas anteriores. Tamén

se intervirá na rúa da Industria, reconfigurando a mediana para mellorar a fluidez do tráfico e a maniobrabilidade dos vehículos industriais. Dentro deste paquete de obras, incluíronse os traballos de mellora da seguridade viaria na Rúa da Industria, no tramo que comunica Benigno Rivera co Polígono das Gándaras, cunha inversión de 125.710,78 euros adxudicada á empresa Construcciones Sanle Lugo. A intervención contempla a reconfiguración da mediana, seguindo o modelo aplicado previamente nas Gándaras, co obxectivo de optimizar a fluidez do tráfico e facilitar a maniobrabilidade dos vehículos industriais. Segundo explicou o tenente alcalde Rubén Arroxó, “esta actuación permitirá aumentar a seguridade vial nunha contorna moi transitada e de importancia para o tecido empresarial de Lugo”.

O Concello inicia a renovación do asfalto en Castelo de Abaixo

O Concello comezou a renovación do firme en tres vías do núcleo de Castelo de Abaixo. As actuacións contemplan varias solucións en función das características de cada vía, co obxectivo de mellorar os accesos e garantir a seguridade viaria.

Na pista de acceso ás vivendas 60 e 61 instalárase unha nova capa de rodadura con mestura en quente, mentres que na pista que conduce ás vivendas 48-52 optouse por un pavimento de formigón, dado o reducido tamaño do camiño, que impide o paso da maquinaria habitual para asfaltado, e a proximidade de muros de pedra que requiren un reforzo adicional. Ademais, na pista que une a Casa Outeiro con Barbaín ampliárase a calzada existente, incorporando un pavimento de formigón cunha cuneta remontable formigonada duns 10 centímetros de espesor.



O concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, explicou que estas intervencións responden ao obxectivo de manter en bo estado tanto as zonas urbanas como as periurbanas, atendendo as demandas veciñais e garantindo accesos de calidade. Engadiu que cada obra está planificada coa solución técnica máis axeitada, co fin de ofrecer un resultado duradeiro.

OUTRAS OBRAS. O Concello presentou á veciñanza de Conturiz os

proxectos que levará a cabo nos próximos meses. Entre as actuacións destacan a ampliación da rede de abastecemento de auga nos núcleos de Castro-San Amaro-Conturiz, cun investimento de 145.155,70 euros e un prazo de tres meses, e a mellora da pavimentación con aglomerado en quente en camiños da contorna, cun orzamento de 122.245,50 euros e prazo de dous meses.

Ademais, está prevista unha terceira obra de renovación do firme, cun investimento superior a 29.000 euros, que mellorará tramos preto do colexio de Nadela e o acceso a unha zona urbanizada en San Xoán de Pena. Os traballos de abastecemento de auga comezarán nas próximas semanas e, unha vez finalizados, iniciaranse as actuacións de pavimentación, co obxectivo de completar todas as intervencións no menor tempo posible.

Colaboran para rexenerar a senda da ruta dos Muíños en Orbazai

A Mancomunidade de Montes Veciñais en Man Común de San Miguel de Orbazai, xunto coa Xunta de Galicia a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), está a levar a cabo un proxecto de rexeneración dunha senda no contorno do río Mera, cun investimento de 57.600 euros, do cal a Xunta achega o 80% mediante convenio. As actuacións céntranse na limpeza e roza de vexetación, replaneo do camiño coa apertura de cunetas e a fixación de firme asfáltico e de pedra.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, e o presidente da comunidade de montes, Pablo González, visitaron o lugar para supervisar os traballos, que permitirán re-



cuperar o acceso á ruta senlleira dos Muíños, un itinerario de gran valor histórico pola importancia dos muíños do río Mera no abastecemento de fariña á cidade de Lugo. A intervención forma parte do com-

promiso da Xunta e da comunidade de montes en continuar a posta en valor de espazos naturais e paisaxísticos, complementando proxectos anteriores como o acondicionamento da pasarela do río Mera.

Tirimol abre un proceso de análise sobre LUGAZ

A comunidade de San Xoán de Tirimol, en Lugo, puxo en marcha un proceso aberto de información e análise arredor do proxecto industrial LUGAZ, unha biorrefinería de biogás que se proxecta nas inmediacións do polígono do Ceao, a escasos metros das vivendas da zona. O obxectivo desta iniciativa é avaliar con detalle os efectos ambientais, sociais e técnicos que a instalación podería ter na parroquia, no rural e no conxunto do municipio.

Durante as últimas semanas mantivéronse reunións cos promotores e tamén houbo contactos con outras parroquias da contorna para compartir datos e valorar en común as posibles consecuencias. Entre as principais inquedanzas da veciñanza está o tratamento dos lodos de

depuradora, a chegada de materias orgánicas de orixe non especificada e a análise sobre as condicións que permiten que o proxecto aspire á declaración de Proxecto Industrial Estratéxico (PIE), unha catalogación que, segundo denuncian, semella feita á medida e potencialmente sobredimensionada.

Neste contexto, a comunidade local fai un chamamento á participación activa de todos os veciños e veciñas de Tirimol e parroquias próximas para acudir ás reunións que se organizarán nas vindeiras semanas. Ademais, xa se habilitaron perfís en redes sociais e un grupo de difusión veciñal para informar das novidades e convocatorias, co obxectivo de garantir unha decisión colectiva, informada e responsable.



Reforzo da tradición artesanal con varios cursos de cestería

O ciclo de cursos de cestería continúa a percorrer as parroquias do municipio e nesta ocasión foi Orbazai quen acolleu unha nova sesión organizada pola Área de Participación do Concello de Lugo en colaboración coa Vicepresidencia da Deputación.

As persoas asistentes tiveron a oportunidade de achegarse ás técnicas básicas desta arte artesanal cun forte peso na identidade cultural galega. No encontro participaron tamén a concelleira de Participación

e Servizos para a Veciñanza, Cristina López, e a concelleira de Educación, Iria Buide, quen puxeron en valor a boa acollida que a iniciativa está a ter entre as asociacións locais.

O programa abrangue un total de 15 horas de formación básica, distribuídas en cinco sesións por grupo. Con este formato, o Concello busca descentralizar a oferta municipal, achegar a aprendizaxe práctica aos barrios e parroquias e reforzar a transmisión dos saberes populares.




TOSHIBA

Distribuidor oficial de sistemas de impresión Toshiba



Medinformática
SERVICIOS INFORMÁTICOS PROFESIONALES

Distribuidor de software L@ndin
Gesl@n TPN software para comercios

C/ SANTIAGO 1, BAJO D - 27004 LUGO
Tels. 982 254 813 - 982 241 601 / tienda@medinformatica.es

www.medinformatica.es

SISTEMAS DE IMPRESIÓN | EQUIPOS INFORMÁTICOS | SERVICIO TÉCNICO

AO NOSO CARÓN

Adega creará un inventario de charcas de Pol e Friol

O proxecto Charcas con Vida na Reserva da Biosfera Terras do Miño é un proxecto de Adega co que se pretende difundir os valores das charcas e contribuír ao seu estudo e conservación, ademais de visibilizar as ameazas e achegar solucións ao problema de desaparición de charcas e da biodiversidade que accollen.

No marco deste proxecto, Adega creará un inventario de charcas dentro da Reserva da Biosfera Terras do Miño, comezando polos concellos de Friol e Pol. Para iso combinaranse diferentes fontes de información: revisión cartográfica, traballo de campo e as achegas cidadás a través dun formulario aberto -dispoñible na web de adega.gal- ata o 31 de outubro.

O 3 de novembro, Día Internacional das Reservas da Biosfera da Unesco, farase a presentación dos resultados obtidos.

Adega desenvolve este proxecto ao abeiro da subvención destinada ás asociacións sen ánimo de lucro da Reserva da Biosfera Terras do Miño, para o desenvolvemento e actuación de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico deste territorio na anualidade 2025 da Deputación de Lugo.

Clausurados os obradoiros de emprego que agrupan a concellos da comarca

A Xunta de Galicia clausurou en setembro varios obradoiros de emprego. Un deles foi o Camiño da Chaira VIII, no que investiu 412.000 euros e que foi promovido conxuntamente polos municipios de Castro de Rei, Outeiro de Rei e Cospeito.

As 20 persoas participantes, que partían dunha situación de desemprego, compaxinaron durante nove meses clases teóricas e traballo remunerado en especialidades relacionadas coa construción e o tratamento informático de documentos. En concreto, os seis participantes de Castro de Rei e os sete de Cospeito formáronse en Operacións auxiliares de revestimentos continuos en construción, e os sete de Outeiro de Rei en Operacións de gravación e tratamento de datos e documentos.

Ao tempo que adquirían experiencia laboral, os integrantes do obradoiro realizaron obras e servizos de interese social. Así, en Cospeito executaron as beirarrúas da rúa Aquilino Iglesias e da avenida Santa Marina de Muimenta, melloraron outras cinco beirarrúas do concello e revestiron un talude na travesía de Curros Enríquez.

En Castro de Rei repararon as fachadas do CEIP Ramón Falcón e do anexo da biblioteca municipal, ademais de realizar varias reformas no centro cívico de Matodoso. Pola súa banda, en Outeiro de Rei traballaron na dixitalización e organización do arquivo municipal.



FRIOL E RABADE. Clausurou tamén o obradoiro dual de emprego Cumes de Terra Chá VIII, no que investiu 442.000 euros. A actividade foi promovida polo Concello de Begonte asociado cos de Rábade e Friol.

O taller ofreceu 20 prazas de ensinanzas teóricas e prácticas nas especialidades de operacións auxiliares de fábricas e cubertas, e operacións auxiliares de acabados ríxidos e ur-

banización.

Os participantes realizaron obras en espazos públicos dos tres concellos. En Begonte procedeuse á creación dun Centro de Interpretación agropecuaria no lugar de Santalla de Pena e á pavimentación e peche na contorna da escola infantil municipal.

En Rábade, as actuacións centráronse no pavimentado de espazos exteriores do edificio do antigo cine Man, así como na execución de obras de mantemento e reparación en distintos puntos do viario urbano da localidade. No que respecta a Friol, levouse a cabo a rehabilitación do local social de Carballo e a pavi-

mentación da contorna, ademais de pintar a escola de Vilalvíte.

POL E CASTROVERDE. A Xunta clausurou o obradoiro dual de emprego O Castro X, promovido polo concello de Ribeira de Piquín xunto aos de Castroverde, Pol, A Pastoriza e Riotorto, no que investiu 412.000 euros.

Durante os últimos nove meses, vinte persoas desempregadas dos cinco municipios tiveron a oportunidade de adquirir formación teórica e práctica nas especialidades de viveiros xardíns e centros de xardinería; operacións de acabados ríxidos e urbanización; e control de pragas.

En canto ás actuacións realizadas, rehabilitouse o local social de Santa Marta de Meilán (en Riotorto), acondicionouse a contorna do centro cívico de Vián (na Pastoriza), leváronse a cabo tarefas de mantemento nas rutas de sendeirismo Eo-Pena de Millares e Chao de Pousadoiro-Muíño de García (na Ribeira de Piquín) e melloráronse numerosas zonas verdes, como na carballeira da Praza Galicia ou no merendeiro de Rioxán (en Pol) e no miradoiro da Lombría e no recinto ferial de Castroverde, entre outras actuacións.

A Xunta outorga a autorización ambiental ao parque eólico Batifol

A Xunta de Galicia concedeu a autorización ambiental ao parque eólico Batifol, promovido por Naturgy, que se situará entre os concellos lucenses de Castroverde, Castro de Rei e Pol. O proxecto contará cunha potencia de 12,5 megavatios e prevé a instalación de dous aeroxeradores.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou este xoves o anuncio da autorización, que inclúe tamén a construción dunha liña de evacuación e dun edificio destinado a centro de control, así como a ampliación da subestación do parque eólico Monciro. O prazo previsto para a execución é de sete meses.

Na área afectada pola instalación detectouse a presenza de fauna protexida, como a tartarafa cincenta, e especies en perigo de

extinción como o miñato real e a galiñola de auga. Ademais, o parque sitúase nos límites da Reserva da Biosfera Terras do Miño.

Tamén se identificaron 45 elementos de patrimonio cultural dentro do ámbito do proxecto, entre eles varias mámoas localizadas nas inmediacións.

Por este motivo, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural establece a obriga de realizar rozas previas no monte Millares co fin de localizar posibles bens non catalogados. Pola súa parte, Patrimonio Natural esixe a incorporación de tecnoloxías que reduzan o risco de colisión das aves coas turbinas, mentres que Saúde Pública demanda un seguimento específico sobre o efecto de parpadeo das sombras dos muíños nas vivendas máis próximas.



Melloran accesos a Lence, Trastulfe e Seixalbos

O Concello realiza actuacións nas estradas municipais para reforzar a seguridade viaria, facilitar a mobilidade e mellorar a calidade de vida da veciñanza. O Goberno local vén de completar unha nova serie de actuacións de mellora en distintos puntos do municipio. As obras inclúen os accesos desde a N-640 cara aos lugares de Trastulfe e Lence, así

como o acceso e núcleo de Seixalbos, en Vilamaior.

Estas intervencións supoñen un avance significativo para facilitar a mobilidade, reforzar a seguridade viaria e mellorar a calidade de vida da veciñanza, garantindo comunicacións máis seguras e cómodas para persoas e vehículos en todas estas zonas.

guntín

EN BREVE

XANELA FEST. Guntín foi seleccionado como concello gañador do Xanela Fest, o que permitirá que o vindeiro 17 de outubro actúe no municipio a Orquestra Cinema. Este grupo destaca pola súa capacidade de combinar música en directo con animación e espectáculo, creando unha experiencia festiva e participativa que involucra a toda a audiencia.

ESCOLA DE MÚSICA. A Escola de Música de Guntín abriu o prazo de matrícula para o curso 2025-2026, que dará comezo o 1 de outubro. As actividades están destinadas a persoas a partir de 7 anos e non requiren coñecementos previo. Entre as opcións de inscrición, o alumnado poderá incorporarse á Escola de Música, ao Grupo de Adultos, á Banda de Música, á Coral, ao Coro Xuvenil ou á Batucada, permitindo desenvolver diferentes habilidades musicais nun ambiente de aprendizaxe e convivencia.

Xunta e Concello abordan varias iniciativas de interese local

O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, reuniuse co alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, para abordar diferentes asuntos de interese para o concello.

Entre as colaboracións máis recentes, Arias subliñou a concesión de 25.000 euros para substituír 73 luminarias da capitalidade municipal por unhas novas con tecnoloxía LED, a través dunha das liñas de axudas convocadas este ano pola Dirección Xeral de Administración Local.

Así mesmo, a Consellería de Economía e Industria colabora co Concello na mellora da xestión de residuos e a renovación da sinalización horizontal do polígono de Castro de Ribeiras de Lea. Ambos proxectos reciben 23.800 euros con cargo ás achegas para modernizar infraestruturas dos parques empresariais galegos. Por outra banda, Arias tamén anunciou que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP ven de formalizar o contrato para executar as obras de reforma do pavillón do CEIP Veleiro Docampo, adxudicadas por 469.900 euros.



Os traballos teñen como obxectivo principal mellorar as condicións de salubridade e de eficiencia enerxética do edificio. A intervención levarase a cabo en varias fases e está previsto que a primeira comece en outubro, cun prazo de execución de seis meses.

VIVENDA. A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, tamén mantivo unha reunión de traballo co alcalde de Castro de Rei.

Na xuntanza, que tivo lugar en San Caetano e á que asistiu tamén o director territorial da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas en Lugo, Marco Antonio Fernández, a conselleira e o rexedor abordaron actuacións en materia de infraestruturas de mobilidade.

A Xunta continúa prestando apoio aos concellos para impulsar intervencións que contribúan a mellorar a calidade de vida dos cidadáns e a reforzar a competitividade económica.

A Xunta autoriza o acondicionamento dunha nave como industria láctea

A Xunta de Galicia acaba de dar luz verde ambiental ao proxecto para o acondicionamento dunha nave existente como industria láctea de produción de queixos procesados no polígono industrial de Castro Ribeiras de Lea. O proxecto autorizado está supeditado ao cumprimento das condicións incluídas nos distintos documentos emitidos durante a tramitación ambiental.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publicou a resolución do informe de impacto ambiental (IIA) emitido pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. No devandito estudo, resólvese que non son previsibles efectos adversos significativos derivados do proxecto sempre que se cumpra cos condicionantes fixados tanto no documento ambiental como na restante documentación analizada e no programa de vixilancia ambiental.

Neste sentido, esas avaliacións consideran que o proxecto non vai ter impactos significativos nos distintos eidos analizados e que sería viable a súa posta en marcha sempre que se cumpra con certos condicionantes establecidos nos seus respectivos informes con relación á protección da atmosfera e contaminación.

O Concello inviste na mellora de vías e cambia 73 luminarias por LED

O Concello de Castro de Rei vén de poñer en marcha un ambicioso plan de rexeneración viaria ao abeiro do Plan Camiña Rural 2025-2026, impulsado pola AGADER da Xunta de Galicia. O investimento total ascende a 114.685 euros e permitirá mellorar a accesibilidade a vivendas e explotacións gandeiras en diferentes puntos do municipio. As actuacións previstas inclúen a pavimentación en aglomerado en quente e a renovación do firme en catro zonas estratéxicas. En Santa Comba de Orizón acometerase a mellora dun tramo de 1.470 metros, desde o límite coa parroquia de Teixeira (Lugo) ata a estrada provincial LU-P-1114, facilitando o acceso aos núcleos de Freinoval e Orizón, así como a numerosas parcelas agrícolas.

En Pacios intervívase na estrada provincial LU-P-1106, dende a Escola ata o Barrio do Alto, incluíndo o acceso ao cemiterio parroquial e ás explotacións gandeiras da zona, cunha lonxitude de 665 metros.

Pola súa banda, en Ponte de Outeiro mellorárase a estrada que conecta as vías provinciais LUP-1112

e LU-P-1106, nun treito de 915 metros. Finalmente, en Ramil acondicionárase o vial municipal que une A Granda coa estrada N-640, nun tramo de 780 metros esencial para o acceso a vivendas e explotacións gandeiras da contorna.

LUMINARIAS. Tamén levou a cabo un proxecto de substitución de 73 luminarias de sodio de 70 W por novas luces LED de 60 W na capitalidade municipal e nos barrios de Santa Locaia, cun investimento total de 26.015 euros financiado a través do Fondo de Compensación Ambiental da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, en réxime de concorrència non competitiva.

As actuacións realizáronse nos barrios de Casas Novas, Sabugueiro e Currás, situados na estrada LU-P-1611, onde se instalaron 33 novas luminarias; no barrio de Portomuiño, na LU-P-1106, con 17 puntos de luz renovados; e na estrada de acceso ao parque de autocaravanas xunto co barrio de Gulpilleiras, onde se substituíron outras 23 luminarias.

Melloran a vía provincial que vai á Pastoriza

A Deputación de Lugo iniciou as obras de mellora na estrada provincial LU-P-1106 que é a vía que conecta Castro de Rei e Campo do Oso, na Pastoriza, por Reigosa, cun investimento de 450.000€. Nestes momentos, os traballos atópanse na fase inicial coa reapertura de cunetas. Posteriormente, a institución provincial actuará na canalización de formigón para a mellora da drenaxe ao inicio da estrada, a pavimentación con aglomerado en quente e a sinalización horizontal. Os traballos abranguen case 10 quilómetros de vía divididos en tres tramos. O primeiro treito que vai desde o inicio da estrada, á altura da ponte sobre o río Azúmara, ata o punto quilométrico 7,682, na parroquia de Pacios (Castro de

Rei). O segundo é o que pasa pola parroquia da Reigosa, xa no termo municipal da Pastoriza, entre os puntos quilométricos 9,5 e 10. E, o terceiro treito é o que afecta dende a rotonda de conexión coa LU-P-4401, á altura da Ermida, entre os quilómetros 10,5 e 11,74.

As obras están a ser executadas pola empresa Cholo S.L e teñen un prazo de un mes e medio, co obxectivo de mellorar a seguridade e a comodidade dos usuarios desta importante vía provincial. Trátase dunha actuación de gran relevancia moi transitada xa que conecta os concellos de Castro de Rei e A Pastoriza, contribuíndo ao desenvolvemento económico e social e garantindo unha maior seguridade e acceso a servizos básicos.



A Deputación achega 10.000 euros a Fudace

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e o presidente da Fundación de Dano Cerebral, Luís Abelleira Mayor, asinaron no Pazo de San Marcos un acordo de colaboración a través do que a institución provincial achega 10.000€ á Fundación de Dano Cerebral para sufragar os gastos que presta no centro residencial que a entidade xestiona nun espazo cedido e recentemente reformado pola Deputación en Castro de Rei. Segundo explicou José Tomé Roca, “esta colaboración permitirá que os residentes con dano cerebral teñan unha mellor calidade de vida e un benestar social, tendo en conta que son usuarios cun dano cerebral adquirido e sobrevido, cuns altos graos de dependencia”. Engadiu tamén que a achega “reforzará a atención prestada ás persoas con dano cerebral e ás súas familias, asegurando un servizo integral e especializado”.

O centro de Fudace é o único da provincia que atende a pacientes con necesidades complexas e duais, contribuíndo ao coidado especializado e á integración destes usuarios.

O centro de Fudace, situado en Castro Ribeiras de Lea, opera nas instalacións da antiga Escola Fogar, un espazo cedido pola Deputación no ano 2002 cun acordo vixente ata 2067. As instalacións foron reformadas e ampliadas grazas a unha achega de 135.000€ da institución provincial. Este centro conta con 28 prazas residenciais para persoas con dano cerebral procedentes de toda Galicia, que son atendidas por un equipo formado por 23 profesionais. Dispón de varios espazos que albergan as estancias dos enfermos, as zonas ocupacionais como piscina e centro de actividades e servizos complementarios como almacén, lavandería, cociña e comedores.

Fin de prazo para pedir as axudas a escolares

O Concello de Rábade volve ofrecer este ano as axudas polo inicio do curso escolar, para as que establece como prazo de presentación ata o 8 de outubro.

O Concello ten establecida esta liña de axudas económicas para cubrir os gastos derivados da compra de libros de texto e material escolar, roupa e calzado para este curso 2025-26, para o ensino obrigatorio e infantil, que non cubran as axudas autonómicas.

Os requisitos para poder solicitar estas axudas son estar empadroados no Concello con anterioridade a tres meses, ter un menor cursan-

do algún destes estudos nalgún dos dous centros de Rábade e non superar os 6.000 euros de renda per cápita (7.500 no caso de familias monoparentais).

O Concello aclara que non se poden solicitar as axudas para os libros que xa financia a Xunta de Galicia pero si para os que non sexan financiados e tamén para material escolar, roupa e calzado. A documentación pertinente (libro de familia, declaración da renda, xustificantes económicos, e de pago de vivenda) teñen que presentarse xunto á solicitude antes do 8 de outubro nas oficinas municipais.

COMERCIO LOCAL



O Campo da Feira de Rábade acolleu a entrega dos premios correspondentes á campaña Merca no teu comercio, que se desenvolveu entre o 15 e o 30 de agosto neste municipio lucense. Entre os consumidores que mercaron nos establecementos de Rábade durante a iniciativa, sorteáronse un total de 1.000 euros, repartidos en 20 tarxetas prepago de 50 euros.

Presentada unha ampla programación de teatro

O Concello de Rábade deu comezo a un ciclo de teatro que se desenvolverá no Centro Sociocultural durante os meses de setembro e outubro, cunha oferta variada e para todos os públicos.

O ciclo arrincou o 20 de setembro coa compañía Hipócrita Teatro, que presentou a obra *Castig*, destinada ao público adulto. O 27 de setembro tamén ás 19:00 horas, foi a quenda de Ítaca Teatro con *Instrucións para tomar café*, unha proposta pensada para mocidade e adultos.

Xa en outubro, a programación continuará o día 18 ás 18:00 horas coa Compañía Satori e a súa obra *Cores do camiño*, dirixida ao público infantil e familiar. O 19 de outubro, o público poderá asistir en Santiago de Compostela á re-

presentación de *A serie Clopen*, do Centro Dramático Galego, cunha saída organizada dende o Concello ás 14:50 horas. As prazas son limitadas e teñen un prezo de 5 euros, sendo preciso inscribirse previamente na área de Cultura e Deporte.

Finalmente, o 25 de outubro ás 19:30 horas, lus Theatrum traerá a obra *Las preciosas ridículas*, dirixida a todos os públicos, pechando así unha programación que busca achegar o teatro á veciñanza en todas as súas formas e estilos.

Todas as representacións celebradas no Centro Sociocultural de Rábade serán de balde, ofrecendo á cidadanía unha oportunidade única de desfrutar da cultura e das artes escénicas sen custo algún.

Denuncian a “grave situación” do Concello tras ser intervida a Conta

O Grupo Municipal Socialista de Rábade, a través do seu voceiro, Alejandro Martínez Campos, denunciou no pleno celebrado onte a grave situación que atravesa o Concello baixo o goberno do PP, marcada pola intervención das contas municipais, a renuncia do primeiro tenente de alcaldesa e o incumprimento da convocatoria da FEGAMP para gardar un minuto de silencio en solidariedade coas vítimas de Gaza. Os socialistas critican a falta de xestión e responsabilidade política da alcaldesa, que deixa á veciñanza nun escenario de inestabilidade económica e institucional.

Os socialistas votaron en contra da Conta Xeral de 2024, xa que foi intervida pola Xunta de Galicia por incumprir a normativa fiscal e contable. “Están presentando unhas contas que foron intervidas porque non se fixeron correctamente. A alcaldesa tenta negar a realidade, pero os feitos son claros: o Concello de Rábade está intervido por non cumprir as nor-

mas contables e fiscais”, advertiu Martínez.

Así mesmo, o voceiro puxo o foco na falta de transparencia do goberno local. “Neste exercicio gastáronse máis de medio millón de euros e seguimos sen saber en que. Pasamos de 1.196.828€ de existencias iniciais a 694.295€. Onde se gastaron eses cartos?”, preguntou.

No pleno, tratouse a renuncia de José Luis Novo Teijeiro, primeiro tenente de alcaldesa, que deixa o goberno local tras incorporarse á Comisión de Pequenos Concellos do PP. Neste sentido, Martínez advertiu que “o señor Novo marcha dous anos despois de chegar ao cargo, deixando atrás un goberno inestable e presidindo unhas contas que nos levaron á intervención. Felicitámolo polo seu novo posto, pero agardamos que agora, desde a Xunta, consiga algunha subvención para Rábade, porque ata o de agora as únicas axudas económicas que recibimos viron da Deputación de Lugo”.

O PSdeG-PSOE de Rábade lamentou que a alcaldesa non convocase o minuto de silencio en solidariedade coas vítimas de Gaza, promovido pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) o pasado venres 19 de setembro.

O voceiro denunciou que “a señora González non pode ignorar nin incumprir unha convocatoria tan clara da Federación, xa que forma parte da súa executiva. Nin ela nin ninguén do seu grupo organizaron o acto, e iso é inadmisíble”.

Neste sentido, engadiu que “no pleno de hoxe a alcaldesa comprometeuse a organizalo máis adiante e a convidarnos, pero para nós chega tarde: ese minuto de silencio tiña que terse celebrado no momento en que a FEGAMP fixo o chamamento”.

“Estes feitos son unha mostra máis da descoordinación, a opacidade e a falta de responsabilidade política do goberno do PP, que está a condenar a Rábade á inestabilidade e a incerteza”, concluíu Martínez.

Juan Baroja substituirá a José Luis Novo na Corporación

A Corporación de Rábade celebrou un pleno de carácter ordinario no que, entre outros asuntos, se fixo efectiva a renuncia de José Luis Novo, quen será substituído no cargo por Juan Baroja na próxima sesión que se celebre.

A partir do seguinte pleno Juan Baroja, traballador de Correos agora xubilado, asumirá as áreas de Economía e Persoal no Goberno local, as mesmas que tiña designadas o seu antecesor.

Pola súa banda, o concelleiro saínte, José Luis Novo, quixo darlles as grazas a todos os veciños e veciñas “polo comportamento e respecto que lle manifestaron” no seu período no Goberno local. Quixo tamén desculparse por se cometeu algún erro “co que os veciños puideran sentirse decepcionados ou ofendidos” asegurando que a súa intención foi sempre “a de servir coa maior honradez posible”.

Na súa despedida tamén quixo agradecerlle a alcaldesa a oportunidade que lle brindou engadindo que “sempre me terá a disposición para o que precise”. Desexoulle tamén “toda a sorte do mundo” a Juan Baroja.



O club de lectura Letras de Castroverde retomou a actividade en setembro

En febreiro botou a andar en Castroverde o club de lectura para adultos “Letras de Castroverde”. Nel, un grupo de persoas amantes da lectura xúntase para compartir a súa experiencia arredor dun libro previamente escollido, comentar o que lles pareceu, o que lles achegou, impactou ou deixou indiferente.

Tras a pausa do verán, o club vol-

verá en setembro co obxectivo de seguir creando un espazo de encontro e diálogo arredor da lectura, a escritura, as mensaxes e os significados dos textos.

A organización deste club de lectura volveu dirixirse aos veciños no que lles invita a unirse: “Se che gusta ler e queres participar nesta experiencia colectiva, serás benvido ou benvida”.

A ANPA do CEIP Virxe da Luz maniféstase contra os recortes

Preto dun centenar de veciñas e veciños, convocados pola ANPA do CEIP Virxe da Luz, mobilizáronse para reclamar que se mantese o profesorado do curso pasado e que continúen os agrupamentos de dous cursos, fronte á proposta da Consellería de Educación de reducilos a tres.

A comunidade educativa lembra que o curso anterior xa se intentara aplicar un recorte semellante, a pesar de que a matrícula aumentara, pero tras as protestas a Administración rectificou e incorporou un docente máis. Este ano, con novo incremento de alumnado, a Consellería xustifica un novo recorte amparándose nunha modificación legal. Porén, segundo denuncia a ANPA, a propia norma establece que deben conservarse os mesmos agrupamentos do curso anterior, polo que consideran que non procedería reducir profesorado. Ademais, engaden que segue sen cubrirse a praza da especialista de inglés, cuxa titular está en comisión de servizos.



A presidenta da ANPA, Soraya González, cualificou a situación de contraditoria: “Dinnos que cumpren a lei, pero se con máis alumnos nos quitan un profesor, como poden falar dunha mellora do sistema educativo?”. Tamén criticou a aplicación progresiva das ratios, que permite 18 alumnos nunha aula con tres cursos diferentes fronte ao límite de 15 en agrupamentos de dous, algo que, segundo afirmou, “non ten sentido” e prexudica especialmente

aos colexios do rural.

Na protesta, apoiada polos concelleiros do PP e do PSOE xunto co alcalde á cabeza, participou tamén a voceira socialista na Deputación de Lugo, Pilar García Porto. Paralelamente, a ANPA remitiu un escrito á Consellería de Educación no que reclama que se manteñan as condicións do curso pasado, ao entender que unha normativa que nace para mellorar o sistema educativo non pode empeorar as condicións existentes.

O Pleno avala as mocións socialistas a favor da educación e a sanidade

O Grupo Municipal Socialista celebrou a aprobación no Pleno das súas mocións en defensa da educación pública e da sanidade. Pola contra, criticou que o Partido Popular volve dar as costas ao concello ao rexeitar a renovación do camión motobomba dos anos noventa, unha ferramenta obsoleta.

No ámbito educativo, a moción socialista chega poucos días despois das mobilizacións da ANPA contra os recortes de profesorado e a obrigación de agrupar nunha soa aula alumnado de varios cursos, malia o aumento de matriculacións. Grazas á iniciativa, o Pleno acordou reclamar que se mantese o cadro docente co cuarto profesor de Primaria, cubrir de inmediato a praza de Inglés e respectar as ratios pactadas cos sindicatos.

No ámbito sanitario, a segunda moción esixía á Xunta a cobertura inmediata da praza de médico vacante no Centro de Saúde tras a xubilación da anterior facultativa e o reforzo do

servizo nos meses de maior afluencia de peregrinos. Vázquez lembrou que “levamos case cinco anos con esta praza sen cubrir, unha situación inadmisíble. Mentres noutros concellos do Camiño de Santiago se mellorou a cobertura médica, en Portomarín seguimos igual ou peor”. No capítulo de seguridade, o PSdeG propuxo a renovación do camión motobomba, pero o PP rexeitou a iniciativa alegando que o vehículo actual “segue funcionando mentres pase a ITV”, comprometéndose a tramitar a compra dun novo camión. Os socialistas subliñaron que se trata dun servizo esencial e dunha ferramenta de prevención que pode marcar a diferenza ante emerxencias. Finalmente, o Pleno aprobou por unanimidade cambiar o nome do campo municipal de fútbol a Chao da Poza Marcos Arias Rodríguez, en homenaxe a Marcos Arias, antigo concelleiro, voceiro socialista e presidente do Portomarín CF, que deixou unha profunda pegada.

castroverde

O Concello abre a inscrición nas Escolas Municipais 2025-2026

O Concello de Castroverde vén de anunciar a programación das Escolas Municipais para o curso 2025-2026, que inclúen tres propostas principais: natación, ximnasia de mantemento e baile latino e de salón. A iniciativa busca ofrecer alternativas de ocio saudable e formativo tanto para a infancia como para persoas adultas.

A actividade de natación está dirixida a nenos e nenas de entre 3 e 16 anos. As sesións desenvólvense os venres de 16:30 a 17:15 horas no Centro Deportivo D10 en Outeiro de Rei, cun servizo de transporte en autocar que partirá do CPI de Castroverde ás 15:30 horas. O custo mensual é de 30 euros por participante, cun mínimo de 20 alumnos e un máximo de 40.

A ximnasia de mantemento, orientada a maiores de 16 anos, terá lugar no ximnasio do CPI

de Castroverde. As clases celebraranse os luns e mércores de 21:00 a 22:00 horas e os venres de 20:00 a 21:00 horas. O prezo establecido é de 15 euros ao mes, requiríndose un mínimo de 15 persoas inscritas para poder levarse a cabo.

Tamén para maiores de 16 anos, o Concello ofrece baile latino e de salón, impartido pola Escola de Danza Ritmo Lugo. As sesións terán lugar os venres de 21:00 a 22:30 horas na aula multiusos do centro sociocultural Paco Pestana. A matrícula ten un custo mensual de 25 euros e precisa un mínimo de 16 participantes.

Todas as actividades darán comezo o venres 3 de outubro e prolongaranse ata finais do mes de maio. O prazo de inscrición, para aquelas persoas que desexen incorporarse xa en outubro, remata o 17 de setembro.

O BNG pide un punto limpo mancomunado coa localidade de Baleira

O BNG defendeu que a veciñanza de Castroverde e Baleira merece contar cun servizo adecuado de recollida e tratamento de residuos adaptado á realidade destes dous concellos, polo que os grupos municipais nacionalistas solicitan a creación dun punto limpo mancomunado que dea resposta ás necesidades ambientais e de saúde pública da zona.

En Castroverde, a formación lembra que xa no ano 2022 reclamaran a instalación dun punto limpo para recoller residuos dun vertedoiro incontrolado situado ao lado do campo de fútbol. Un ano despois, o goberno socialista perdeu unha subvención da Xunta e na actualidade, desde hai máis dun mes, existe un novo foco de almacenamento de residuos, “sen que o executivo municipal atenda as demandas veciñais para darlle unha solución”, din.

En Baleira, a problemática evidenciouse recentemente cun incendio nunha nave municipal na que se gardaba maquinaria e tamén residuos procedentes da recollida de mobiliario.



Finalizado o obradoiro dual Terras do Miño-Ulla

Rematou o obradoiro dual de emprego Terras do Miño-Ulla I, que se desenvolveu en Portomarín, Palas de Rei e Monterroso, ofrecendo formación teórica e práctica en xardinería e promoción turística a 20 persoas desempregadas da zona. A actividade, financiada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración con 418.000 euros e promovida polos tres concellos, permitiu ao alumnado mellorar a súa cualificación profesional en sectores con boa saída laboral.

Durante o obradoiro, realizáronse actuacións de interese local, centradas no acondicionamento e mantemento de zonas verdes, como o entorno da Casa do Maior e do centro de saúde en Portomarín, a

área recreativa da Peneda e a contorna da Cúpula en Monterroso, así como Os Chacotes e o mercado gandeiro en Palas de Rei, entre outros espazos. No módulo de turismo, desenvólvense actividades como a organización de xornadas de promoción turística, a creación dun blog, a sinalización de rutas, a elaboración de placas explicativas e a realización de audioguías do Castelo de Pambre. O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, participou na entrega dos diplomas e destacou que a modalidade dual permite contratar a varios participantes en empresas da contorna, cunha duración mínima de tres meses a xornada completa, facilitando a transición ao mercado laboral.

A vila entra no programa para a construción de vivenda pública

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María M. Allegue, vén de asinar hoxe co alcalde de Friol, José Ángel Santos Sánchez, o convenio enmarcado no Programa de oferta de solo de titularidade das entidades locais para a construción de vivenda protexida no municipio lucense.

A través deste convenio, asinado esta tarde en San Caetano, a Xunta pon a disposición do Concello de Friol esta nova ferramenta que lle outorga apoio técnico para ofertar, mediante concurso público, unha parcela de 6.679 m2 da súa titularidade, sita na Avenida da Coruña, para a construción de ata 18 vivendas de promoción pública.

Así, a Xunta sacará a concurso público en réxime de libre concorrência esta parcela de titularidade municipal para a construción de fogares protexidos que poderían ser tanto en réxime de alugueiro como de venda. Ademais, deste xeito, facilitarase a información aos promotores, cooperativas e á cidadanía, en xeral, sobre os solos dispoñibles.



O Goberno galego, a través do IGVS, tamén se encargará da redacción dos pregos de bases, os anuncios de licitación, a mesa de contratación e a valoración técnica das ofertas, de maneira que o Concello só terá que ditar a resolución de adjudicación, ademais de participar na mesa de contratación. O convenio é o terceiro que se asina en Galicia, tras o rubricado co Concello das Pontes de García Rodríguez e o Concello de Arnoia, e o primeiro na provincia. A conselleira recordou que o prazo para adherirse a este programa permanecerá aberto indefinidamente.

Friol, único representante galego para ser Capital de Escapada Rural 2025

O concello lucense de Friol foi seleccionado como finalista na nova edición do certame que busca a Capital de Escapada Rural 2025. Trátase do único municipio galego en competición, fronte a outros nove destinos doutras comunidades autónomas. O prazo de votacións xa está aberto e permanecerá dispoñible ata o vindeiro 26 de outubro a través da páxina web oficial da plataforma Escapada Rural, entidade organizadora do concurso.

Este recoñecemento, que xa suma nove edicións, pretende poñer en valor vilas e aldeas que, fóra das rutas turísticas máis habituais, conservan un patrimonio natural, cultural e gastronómico digno de ser divulgado. Na edición anterior, a distinción recaeu en Santa Eulalia de Oscos (Asturias). Nesta ocasión, Friol comparte candidatura con localidades como Ágreda (Soria), Jerez de los Caballeros (Badaxoz), Karrantza Harana (Biscaia), Navahermosa (Toledo), Tibi

(Alacant), Trasmoz (Zaragoza), Valtierra (Navarra), Vielha (Lleida) e Zuheros (Córdoba). O alcalde friolés, José Ángel Santos, destacou a oportunidade que supón esta candidatura para proxectar cara ao exterior a esencia do concello: “Friol garda historia, natureza e tradicións que merecen ser amosadas”, sinalou facendo un chamamento á participación cidadá. Entre os atractivos do municipio salientan a tranquilidade do seu contorno, os seus pazos e hórreos, as máis de trinta parroquias e unha notable riqueza gastronómica, especialmente polos queixos con selo DOP Arzúa-Ulloa e a feira dedicada ao pan e ao queixo, recoñecida como unha das máis singulares de España. A maiores, o portal organizador recomenda espazos de turismo rural como Casa Villar ou The Land of Eve, ademais doutros 79 establecementos situados no propio concello e nas súas inmediacións.

O GDR aproba a renovación dos parques infantís con axudas Leader

O Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Comarca de Lugo celebrou hoxe unha xunta directiva na que se aprobou a proposta de resolución das solicitudes de axuda presentadas ata o 30 de maio de 2025. Entre os proxectos aprobados atópase o presentado polo Concello de Friol, que contempla a renovación integral dos parques infantís Rosalía de Castro e Félix Rodríguez de la Fuente, situados no centro do municipio.

As obras inclúen a substitución do pavimento actual por un chan continuo de caucho máis seguro e de fácil mantemento, a instalación de novos xogos infantís elaborados con materiais sostibles e adaptados a diferentes idades, incluíndo columpios inclusivos e zonas de escalada, a mellora da accesibilidade mediante a eliminación de barreiras arquitectónicas, a rehabilitación do mobiliario urbano e a creación de espazos de sombra con árbores autóctonas e pérgolas para maior confort en épocas de calor.

O presidente do GDR Comarca de Lugo e alcalde de Friol, José Ángel Santos, destacou que “con este tipo



de iniciativas impulsamos a mellora dos espazos públicos e fomentamos o benestar da veciñanza, especialmente dos máis pequenos, que gozarán de áreas de xogo máis seguras e modernas”. O rexedor engadiu que “esta inversión supón un paso fundamental para mellorar a calidade de vida das nosas familias. Agradecemos o apoio de Agader e da Consellería do Medio Rural, especialmente da conselleira María José Gómez, pola súa sensibilidade e apoio constante para cubrir as necesidades do

rural, neste caso a través do Leader, que mediante o GDR nos permite renovar estes parques emblemáticos para a infancia do noso municipio”. O Concello de Friol recibirá unha axuda total de 148.626,87 euros, que deberá executarse antes do 15 de xullo de 2026. Nas próximas semanas, o GDR procederá tamén á aprobación de novas axudas para proxectos produtivos presentados polos concellos de Outeiro de Rei, O Corgo, Guntín, Friol, Rábade, Castroverde e a zona rural de Lugo.



A feira de gando reuniu 11 gandarías e 126 reses

A duodécima edición da Feira de Gando Vacún de Carne de Friol converteuse nun gran punto de encontro para gandeiros do municipio e doutras zonas, acollendo este ano un total de once ganderías, tres máis ca na última cita, e 126 reses. Ademais da exhibición e concurso de exemplares, a feira incluíu como novidade unha exposición de razas autóctonas de Galicia, que despertou grande interese entre os asistentes. Tras a cancelación da pasada edición pola incidencia da enfermidade hemorráxica epizoótica, a recuperación do evento foi todo un éxito. O rexedor local, José Ángel Santos, destacou a importancia de

manter viva esta tradición e afirmou: “Grazas de corazón a todos os gandeiros de Friol e ás ganderías que, dun xeito ou outro, participaron nesta nova edición e fixérona posible. Seguiremos celebrando a nosa tradición e o esforzo de todos vós, porque cada ano facemos historia xuntos!”. O Concello repartiu 2.000 euros en premios entre os diferentes participantes, nunha xornada que encheu o mercado gandeiro e que tamén contou con postos de polbo e churrasco para completar a festa. A granxa A Morena resultou a máis galardoada da cita, demostrando unha vez máis a calidade do gando friolés.

Licitadas as obras do centro de interpretación da natureza de Narla

A Xunta vén de licitar por preto de 193.000€ (192.944€) as obras de construción dun centro de interpretación da natureza en San Pedro de Narla. A actuación enmárcase no Plan Hurbe, o programa da Xunta para colaborar cos concellos no impulso de actuacións de mellora de contornas urbanas, accesibilidade e dotacións e equipamentos públicos. A través desta colaboración, trátase de executar as obras de construción dun centro de interpretación da natureza na parroquia de San Pedro de Narla nunha parcela cunha superficie total de 1.588 m2. Proxéctase unha edificación de tipo tradicional, en consonancia coas edificacións existentes no núcleo de Narla. No devandito centro preténdese, por unha banda, levar a cabo diversas actividades educativas e divulgativas dirixidas a coñecer a natureza, por exemplo o ciclo das árbores, desde a súa plantación ata a súa tala e a súa transformación en madeira ou o proceso da produción de sementes, plantación de hortos, coidados forestais, utensilios e ferramentas de traballo, coidados ou as características dos montes.

outeiro de rei

Un programa de prácticas ofreceu a 18 mozos unha experiencia laboral

Do 1 ao 8 de setembro desenvolveuse a undécima edición do programa “Deseñando o teu Futuro”, unha iniciativa que brindou a dezaoto mozos e mozas a oportunidade de achegarse ao mundo laboral a través de estadias en diferentes empresas do municipio. Durante cinco días, con xornadas de catro horas, os participantes realizaron prácticas que lles permitiron coñecer de preto a actividade profesional, colaborar en diversas tarefas e vivir unha experiencia moi valorada como primeiro contacto co emprego.

Entre as empresas que abriron as súas portas estiveron Avifauna, D10 Centro Deportivo, Garatuxa, Laserlucus SL, Pan e Panadería de Ousá SL, a gandería de Paulino Carral Méndez, Transformacións Agrícolas e Forestais M. Ángel, Xardinería Santa Isabel e Área 507. Ademais, sumáronse tamén Ben Alonso SL, Idea Almacén de Papelería SL, Pan do Manuel e o Supermercado Claudio, completando así unha ampla rede de colaboración que fixo posible a experiencia. Como peche da edición deste ano, os participantes visitaron o CEI-No-dus, onde coñeceron as instalacións e recibiron explicacións do persoal técnico sobre o labor que se desenvolve para apoiar proxectos de emprendemento.

Aprobada a ordenanza do viveiro, a teleasistencia e os orzamentos

Outeiro de Rei acolleu un pleno ordinario na Casa Consistorial no que se abordaron diversos asuntos de relevancia municipal. A sesión comezou coa aprobación por unanimidade das actas anteriores e continuou coa resolución do expediente relativo á elaboración e aprobación do orzamento municipal e ás alegacións presentadas, que saíu adiante con oito votos a favor, dous en contra e unha abstención.

Os nacionalistas afean ao equipo de goberno que, máis dun ano despois da data obrigatoria para a súa aprobación, aínda non foi quen de facelo definitivamente; nun movemento que encadran “no escurantismo e falta de transparencia con respecto aos orzamentos”.

Acordouse por unanimidade a designación dos festivos locais para o ano 2026, que serán o martes de Entroido e o luns de Santa Isabel. Pola súa banda, desestimáronse as alegacións presentadas polo grupo municipal do BNG e aprobouse definitivamente a Ordenanza Reguladora do Viveiro Empresarial, conforme ao texto aprobado provisionalmente na sesión plenaria do 26 de xuño de 2025 e coa súa correspondente publicación no BOP de Lugo. Esta aprobación contou con oito votos a favor e tres abstencións.



Tamén se deu conta do expediente sobre o acceso ao servizo de teleasistencia ou de axuda a domicilio, antes de debater a moción presentada polo grupo municipal do PSOE para a mellora do Servizo de Axuda no Fogar (SAF). O equipo de goberno defendeu que boa parte das propostas incluídas na moción xa se están aplicando ou estudando, e subliñou que as melloras dependen do financiamento estatal. O alcalde lembrou que a Lei de Dependencia establece un reparto ao 50 % entre as comunidades autónomas e o Goberno central, mais actualmente só a Xunta de Galicia está a cumprir co seu compromiso, mentres que a outra metade é asumida polo propio Concello de Outeiro de Rei. Segundo explicou, os concellos deberían limi-

tarse á xestión dos servizos sociais e non ao seu financiamento. A moción foi finalmente rexeitada con tres votos a favor e oito en contra.

Sobre isto a concelleira socialista, Carmen Acacio explicou que “non entendemos como se pode dar as costas a un servizo esencial para milleiros de familias e a unhas traballadoras que desenvolven o seu labor en condicións de precariedade e risco”, lamentou Acacio.

A Alcaldía bloqueou a proposta do BNG de declaración institucional en contra da actuación do Goberno de Israel. Pola súa banda, o PSdeG tamén presentou un rogo para reclamar medidas urxentes de conservación da Pontella da Insua do Mordomo, incluída na Lista Vermella do Patrimonio.

A Deputación achega 40.000 euros a Avifauna para educación ambiental

A Deputación de Lugo asinou un convenio de colaboración coa asociación Centro de Interpretación Avifauna polo que a institución provincial achega 40.000 euros para impulsar a educación ambiental entre escolares e colectivos da provincia. Grazas a este acordo, desenvolveuse o Programa de visitas guiadas “Educación Ambiental orientada á Comunidade Educativa e Asociacións”, co obxectivo de dar a coñecer o funcionamento e a riqueza do parque zoolóxico de Avifauna, situado en Outeiro de Rei, que acolle arredor de 400 aves de 250 especies, algunhas en perigo de extinción ou en programas de conservación.

O programa permite aos participantes coñecer de primeira man a fauna, os seus hábitats e as medidas de conservación aplicadas no parque. Inclúe visitas guiadas adaptadas a distintos niveis educativos, actividades didácticas, explicacións sobre biodiversidade e conservación, e o uso de material interactivo e paneis informativos.

O programa inclúe percorridos polos diferentes ecosistemas aviarios da comunidade galega, explicacións sobre aves autóctonas e exóticas, hábitos, alimentación, conservación das especies e medidas de protección da biodiversidade.



Clausurado o programa integrado de emprego

Rematou o programa integrado de emprego compartido por oito concellos, financiado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración con 220.000 euros.

A directora territorial dese departamento na provincia, Carmen José López, asistiu ao peche da actividade, dirixida a mellorar as posibilidades de inserción laboral dun cento de persoas. A iniciativa foi promovida polo municipio de Outeiro de Rei asociado cos de Rábade, Friol, Begonte, Cospeito, Castro de Rei, Aba-

dín e Mondoñedo.

López explicou que os plans integrados de emprego poñen o foco principalmente nas persoas desempregadas de colectivos prioritarios, como os menores de 30 anos, inmigrantes, persoas con discapacidade, en risco de exclusión social ou mulleres vítimas de violencia de xénero.

Os beneficiarios reciben ensinanzas transversais para abrirse paso no mundo laboral tanto por conta allea como propia, en sectores de especial demanda nas súas zonas.

o corgo

Transportes arranca a rehabilitación da A-6

O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible iniciará o vindeiro luns 15 de setembro as obras de rehabilitación estrutural do firme na calzada esquerda da autovía A-6, en sentido Madrid, entre os quilómetros 480 (O Corgo) e 540,440 (Guitiriz). O proxecto conta cun orzamento de 26,4 millóns de euros, IVE incluído.

Os primeiros traballos executaranse nos municipios de O Corgo e Lugo, o que suporá restricións de tráfico na calzada esquerda entre os quilómetros 477,245 e 494,400. O obxectivo desta actuación é corrixir os deterioros do firme e mellorar tanto a seguridade viaria como as condicións de circulación. Esta intervención forma parte do programa de conservación e mantemento da Rede de Estradas do Estado, no que o Ministerio de

Transportes destinou máis de 171 millóns de euros desde xuño de 2018 na provincia de Lugo.

Co fin de garantir a seguridade de traballadores e usuarios, ata o 4 de decembro realizaranse cortes por tramos na calzada esquerda, en sentido Madrid. Para manter a fluidez do tráfico, habilitaranse transferencias entre pasos de mediana, de xeito que a circulación se concentrará na calzada dereita, en sentido A Coruña, que operará en modo bidireccional cun carril por sentido.

A obra inclúe o fresado das capas de firme e a reposición nos tramos con deterioro estrutural. Para a capa de rodadura empregárase unha mestura bituminosa discontinua de tres centímetros de espesor. Así mesmo, levaranse a cabo saneos puntuais.

O 5 de outubro será o último mercadiño da tempada

O Corgo volverá encherse de vida o domingo 5 coa celebración do mercadiño organizado pola Asociación Cinco Ríos. A actividade, que terá lugar no centro da vila, reunirá postos de comida, artesanía, antigüidades e artigos de segunda man, ofrecendo unha ampla variedade de produtos para todos os gustos.


O evento constitúe unha oportunidade para que veciños e visitantes poidan atopar pezas únicas, disfrutar de propostas gastronómicas e coñecer o traballo de artesáns locais. Ademais, representa un punto de encontro que fomenta o contacto social e a convivencia, á vez que contribúe á dinamización do rural e da economía de proximidade.

Desde a organización sinalan que este será o derradeiro mercadiño antes do parón de inverno, agradecendo a todas as persoas que participaron durante a tempada.

COLABORACIÓN

Cando mexar por un non é chover

OUTRA XEIRA



Pablo Veiga

O verán que ven de rematar quedará marcado pola actividade incendiaria sufrida en certas zonas do País, sobre todo na parte oriental da provincia de Ourense. A superficie queimada neses terribles días de agosto foi máis que considerable, levando por diante as lapas monte raso, bosque arbóreo, pastizais, campos de cultivo, animais e algunha que outra vivenda. Moito se falou, e o que queda por falar do padecido. Desta vez, na nosa bisbarra o lume pasou de esguello. Pero aparte desa desgraza, un tiña a intención de comentar unhas imaxes visualizadas nos medios de comunicación e nas redes sociais, chegadas desde o nordés de Francia. Agricultores e gandeiros do lu-

gar, fartos de que ducias de individuos acampasen sen ningún tipo de autorización nas súas terras e ante a inacción das autoridades competentes para proceder a expulsalos, subíronse ós tractores, engancharon as cisternas e botáronlles purín a carón das súas caravanas e furgonetas. O vídeo que amosa o feito non ten desperdicio, observándose como “regan” o prado, mentres os campistas tratan de impedilo subíndose a eses tractores para agredir a quen os manexaba.

A fórmula vacacional destes turistas semella non ser excepcional, senón todo o contrario. Os nosos veciños europeos do norte que viven no campo e do campo, contemplan como de forma máis habitual ás súas localidades chegan forasteiros, os cales sen ningún tipo de permiso, deciden estacionar en fincas privadas e montar nelas o seu campamento. Por suposto, cunha inexistente aportación económica

a cambio.

Pero os franceses non asumen o famoso refrán moi típico galego de “Mexar por nós e dicimos que chove”. En absoluto. Os que imos tendo unha idade, lembramos perfectamente aqueles anos oitenta, en plenas negociacións para que Portugal e España ingresasen como estados membros do que daquela era coñecida como Comunidade Económica Europea (CEE). Os labregos franceses temían a entrada de produtos chegados principalmente da zona mediterránea, sobre todo froitas e verduras, en cantidades e prezos que poderían afectar negativamente o seu modelo de vida. Para coñecer a reacción dos “paisans” franceses, non temos máis que irmos ás hemerotecas. Imposible esquecer aquelas imaxes onde se retransmitía como asaltaban camiños cheos de cítricos, tomates ou fresas que subían da horta valenciana e murciana

para abastecer os supermercados de Francia e outros países do entorno, abrían as comportas e ciscaban todo o material, ante a desesperación dos camioneiros, que nada podían facer, xa que os xendarmes, de brazos cruzados, non interviñan. E mesmo *modus operandi* puidemos ver en numerosas ocasións. Non tódolos pobos actúan do mesmo xeito cando se ven ameazados. Os franceses non se cortan e non se

acovardan. A acción de botar purín diante dos fuciños de quen entrou nas súas fincas pola cara é un claro exemplo. Todos en conxunto acadaron o obxectivo e os campistas tiveron que buscar outro destino vacacional.

O noso rural leva moitas mobilizacións nas últimas décadas. Masivas tractoradas e protestas, pero o resultado real de todo elo cal foi... Aí está a diferenza.

O RECUNCHO DE CANELINA



Casting de avós e becarios

O PUPITRE



Julio Díaz

De volta dun pequeno descanso, sentado de novo no meu “pupitre”, aterrezo atónito, nestes primeiros días de setembro, coa noticia bomba da Presidenta da Comunidade de Madrid que, ante a falta de docentes, poidan dar clase de matemáticas tanto en Secundaria coma en Primaria, xubilados “cualificados” e estudantes universitarios de terceiro curso; rara figura esta de estudante - profesor. Dito todo isto, quede claro que eu sinto un enorme respecto polos nosos xubilados e tamén polos alumnos das nosas universidades. O peor de todo é

que do que falo non é unha broma, é curiosamente unha política educativa.

Mais alá do titular, a proposta é unha perigosa mestura de ilegalidade, improvisación e propaganda, que re-trata perfectamente un modelo de xestión: culpar a factores externos, ofrecer unha solución vistosa pero ineficaz e obviar a raíz do problema que, non é outro, que unha degradación premeditada dun sistema educativo en continua decadencia.

A proposta non é so pedagogicamente insostible, senón que vulnera abertamente a normativa vixente. A Lei Orgánica 2/2006 de Educación di que para impartir docencia en Secundaria é obrigatorio ter unha titulación específica e ter cursado o Máster de Formación do profesorado que acredita a capacitación pedagóxica e didáctica necesaria. Se ben

é certo que, nos derradeiros tempos, sobre todo durante a pandemia, fíxose algunha excepción con este requisito, pero ninguén chegou tan lonxe de propoñer como docentes a alumnos e xubilados. Como pode ser posible que un país cun 13% de titulados universitarios en paro teña que recorrer a estas medidas?

Quedo moi preocupado con ese “Plan de Rescate das Matemáticas” que propón a Comunidade de Madrid e que consiste ademais en realizar 10 minutos de cálculo mental en colexios e institutos, reforzar a formación docente (medida adecuada sen dúbida, sempre e cando non sexa a conta do tempo persoal do docente, senón en horario lectivo), a citada incorporación destes estudantes universitarios e xubilados, elaborar guías de contidos adaptados a cada curso para facilitar o repaso

da materia e aplicar novas reducións fiscais como, por exemplo, ofrecer deducións en matriculas para apoiar a persoas menores de 30 anos que estuden na rexión.

Está claro que si falta profesorado de matemáticas non temos que molestarnos en atraer a porta a que entre calquera con coñecementos afíns ou semellantes que permitir que impartan clases estudantes e xubilados que non posúen coñecementos pedagóxicos, nin didácticos, nin de xestión

da aula.

O ensino público non precisa ideas luminosas e menos aínda intrusismo disfrazado de flexibilidade. Precisa pola contra, recoñecemento, respecto á profesión, inversión e profesionais cualificados.

Como derradeira reflexión, intentando entender esta idea desafortunada, lévame a pensar que tanto político con currículo falsificado, con carreiras sen rematar, teses plaxiadas, etc, busquen como unha boa saída aterrorizar impartindo docencia no ensino público. Uff, pobres rapaces!

DEPUTACIÓN

Firma o convenio para a facer un Centro de Innovación Territorial

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e a directora Xeral de Políticas contra o Despoboamento, Ana de los Ángeles Marín, veñen de asinar o convenio polo que a provincia entra a formar parte da Rede de Centros de Innovación Territorial (CIT) cun investimento de 850.000 euros destinado a frear o despoboamento e dinamizar o rural. “O Executivo de Pedro Sánchez continúa a cumprir cos compromisos adquiridos con esta provincia e nos seguimos a captar fondos que nos permitan desenvolver proxectos clave para reter talento e modernizar o territorio”, valorou o mandatario provincial.

Este acordo ten por obxectivo a creación dun marco de cooperación entre o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e a Deputación para impulsar unha plataforma de coordinación pública e privada que permita mobilizar financiamento e coñecemento co obxectivo de dinamizar a economía local, xerar emprego e fixar poboación, sacar adiante iniciativas sociais e tecnolóxicas e conectar o territorio coas universidades, centros de investigación e empresas para transferir innovación.

Mediante o convenio que se vén de formalizar, o Ministerio compromé-



tese a achegar 510.000 euros e a Deputación outros 340.000 entre este ano e o 2029, comezando este ano cunha primeira partida de 100.000 euros. A Deputación de Lugo deberá poñer a disposición do CIT os espazos adecuados para o seu funcionamento, achegar o persoal necesario e contribuír coa súa organización.

Tomé Roca explicou que este acordo se enmarca no traballo que a Deputación de Lugo leva anos facendo “impulsando políticas destinadas a acercar os servizos ao rural” e destacou a rede pública de residencias de maiores que puxo en marcha a institución provincial para “favorecer o arraigo cunha atención de calidade, creando emprego”. Nese sentido, puxo en valor que a Depu-

tación de Lugo ten xa 9 residencias en funcionamento –nos concellos de Pol, Trabada, Ribadeo, A Fonsagrada, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, Meira, Navia de Suarna e Ribas de Sil– que dan servizo na provincia a través dun modelo de pequenos centros públicos, nos que prima a atención ás persoas, e que conta con moi boa acollida en Europa.

O Presidente sinalou outros proxectos e boas prácticas que impulsa a Deputación que contribúen a fixar poboación, como o Plan Deputación de Cooperación cos Concellos, a Granxa Gayoso Castro ou iniciativas turísticas como as rutas en catamarán ou o Parque Central de Antas que impulsan un modelo de colaboración público-privado.

Entregan os premios provinciais á excelencia turística e gastronómica

A Deputación de Lugo celebrou o acto de entrega da sexta edición dos premios á excelencia do turismo e a gastronomía da provincia coincidindo co Día Mundial do Turismo, nunha cita na que o presidente da institución e do Consello Provincial de Turismo, José Tomé Roca, destacou a importancia de iniciativas “que proxectan a nosa identidade ao mundo”. Tomé, acompañado da deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, fixo entrega dos galardóns ás entidades premiadas.

Na categoría Lugo Cambia ao Turismo Lucense, o xurado distinguiu o programa Descubrir Quiroga, a Queima das Fachas de Taboada e a Foliada da Fonsagrada, mentres que na sección ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense resultaron recoñecidas a Feira do Queixo do Cebreiro e a Feira Degustación da Tenreira de Láncara. Ademais, o proxecto Cami-



ño cara a sostibilidade turística da Mariña Lucense foi galardoado na categoría de Turismo Sostible, na que tamén se outorgou un accésito ao Hotel Mogay.

Durante a súa intervención, Tomé Roca subliñou que máis que entregar uns premios, se rende homenaxe ao “compromiso, á creatividade e ao amor pola provincia de Lugo”, salientando que cada iniciativa premiada

fala “de xente que cre na súa terra, que entende o turismo como unha ferramenta para xerar riqueza, dinamizar o rural, preservar o patrimonio e dar a coñecer a identidade lucense no mundo”. O acto desenvolveuse no Salón de Actos do Pazo de San Marcos e contou coa actuación da guitarrista lucense Iria de Cabo, integrante da Banda da Loba, e da baixista e cantante Raquel López.

Unanimidade do Pleno para ser sede da Axencia Estatal de Saúde Pública

A Deputación de Lugo apoiará á candidatura do Concello de Lugo para que a capital da provincia acolla a sede da Axencia Estatal de Saúde Pública (AESAP). Así se acordou no Pleno tras unha proposta de Presidencia que contou co apoio unánime das tres forzas políticas da Corporación: PSdeG, BNG e PP. Defendeu o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, que “é unha cuestión de xustiza territorial” que Lugo albergue este organismo que terá por obxectivo centralizar, coordinar e reforzar a saúde pública de todo o país fronte ameazas e riscos que teñen que ver coa saúde pública. O Pleno tamén aprobou, coa abstención do PP, a Conta Xeral do ano 2024 da Deputación, cumprindo así cos prazos legalmente establecidos, que determinan a obriga de presentar este expediente ante o Consello Xeral de Contas antes do día 15 de outubro. A Deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, destacou que o gasto comprometido acadou no ano

2024 un 94,49% “amosando que a Deputación mellora a súa capacidade de xestión ano tras ano”.

EDUCACIÓN. O Pleno acordou tamén esixir á Xunta que remate cos recortes que levaron a unha situación crítica a varios centros educativos da provincia. Así se aprobou na sesión ordinaria do mes de setembro que tivo lugar esta mañá no Pazo de San Marcos, tras o debate dunha moción socialista que denuncia a problemática que viven moitos colexios públicos provocados pola falta de profesorado. A iniciativa, que se debateu xunto cunha proposta de Goberno en defensa do ensino público, contou cos votos a favor do PSdeG e o BNG e cos votos en contra do PP.

Destacou Tomé Roca, antes da sesión plenaria que “desde que goberna en Galicia o PP calquera inicio de curso é un problema. Todo baséase nos recortes, sobre todo no rural”. Valorou a “incapacidade” de xestión dos populares, que queda reflectida nas 157 prazas que quedaron sen cubrir en Lugo.

O Consorcio provincial de Bombeiros investirá en melloras nos seis parques

O presidente da Deputación e do Consorcio Provincial para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, José Tomé Roca, presidiu o Pleno desta entidade no que se aprobou unha achega extraordinaria de case 2M€ para mellorar os seis parques da provincia e facer fronte á suba salarial acordada no convenio cos traballadores.

Na anualidade 2025 o Orzamento ascenderá deste xeito ata os 10,7M€. A Deputación achega o 50% desta dotación económica e o outro 50% a Xunta de Galicia.

No caso dos parques de Sarria, Chantada e Vilalba, os novos fondos permitirán ampliar as instalacións para dotalas dun espazo de almacenaxe; no caso de Barreiros actuarase sobre as filtracións de auga na terraza, reformarase a cuberta e o soportal, as humidades da fachada, pintaranse as paredes e os teitos interior e acondicionaranse os baños; en Monforte

rehabilitarase a cuberta e os canlóns, revestiranse as fachadas e pintaranse as instalacións por dentro e por fóra; e en Viveiro acondicionarase o chan do ximnasio. O custe conxunto destas obras superará os 700.000€. Ademais, 1,19M€ estarán destinados ao cumprimento do convenio asinado a principios de ano cos traballadores, nos que se recollían entre outras melloras a incorporación de 26 efectivos, un aumento salarial anual de 6.000 euros na categoría de bombeiro, redución de 158 horas anuais ata as 1.642 horas, ou o recoñecemento como persoal laboral fixo dos traballadores con contrato indefinido no momento da subrogación do pasado 1 de maio do 2019. O Consorcio de Bombeiros da provincia de Lugo, conformado pola Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia ao 50%, inclúe os parques de Barreiros, Vilalba, Sarria, Monforte de Lemos, Viveiro e Chantada.

DEPORTES



Xoán Rosa acada o ouro na primeira Copa de España de para-karate

O deportista lucense Xoán Rosa, da Escuela Deportiva Shihan, conseguiu a medalla de ouro na I Copa de España Internacional de para-karate, celebrada en Logroño, na categoría de cadeira de rodas. Ademais, Roque Mazoy, Noa

Ulloa e Uxía Folgueira, representando a Galicia, lograron a medalla de prata nun Trofeo Interautonómico celebrado en Cáceres. Estes éxitos consolidan o excelente nivel dos deportistas galegos nas competicións nacionais de karate adaptado.

O BNG solicita que a TVG emita os partidos do Breogán na ACB

O BNG anunciou que presentará no Parlamento Galego iniciativas para instar á TVG a adquirir os dereitos e emitir os partidos do Río Breogán na ACB. A deputada Olalla Rodil destacou a relevancia do club como embaixador de Galicia e subliñou que a afección polo Breogán non se ve correspondida coa presenza nos medios públicos autonómicos. Rodil recordou que a TVG só emitíu encontros do Breogán cando o club competiu en Europa na tempada 2023/2024 e criticou o monopolio do mercado de dereitos de emisión

deportiva que limita o acceso das televisións públicas máis modestas. En contraste, outras comunidades autonómicas, como Cataluña, Euskadi ou Canarias, están a garantir a emisión de partidos das súas formacións locais. A deputada subliñou que “o deporte galego e especialmente os clubs que levan o nome de Galicia ao máis alto nivel de competición merecen que os seus medios públicos, os de todas as galegas e galegos, lle dean un tratamento á altura do seu nivel deportivo e da afección”.

Xaquedrum organiza o XXIII Torneo Cidade de Lugo de xadrez

A asociación Xaquedrum organiza a vixésimo terceira edición do Torneo Cidade de Lugo, na categoría Sub 2400, que se celebrará os días 18 e 19 de outubro na nave de asociacións local 2 do Parque de Frigsa. O torneo terá un ritmo de 60 minutos máis 30 segundos por xogada. As inscricións teñen un prezo de 15 euros para participantes absolutos e de 10 euros para xuvenís. Entre os premios destacan 250 euros para o primeiro clasificado, 150 para o se-

gundo, 100 para o terceiro, 75 para o cuarto e 50 para o quinto. Ademais, haberá galardóns especiais de 50 euros para o mellor Sub 2000, Sub 1800 e Sub 1600. Para máis información ou a inscrición, as persoas interesadas poden contactar co 657 974 937. O torneo promete ser un referente para xogadores da provincia e visitantes, combinando competitividade e espírito deportivo nun evento consolidado no calendario xadrecístico galego.

Todo listo para o Rally San Froilán, que estrea un tramo en Samos

Samos converterase por primeira vez en escenario dun dos treitos do Rally San Froilán, que se disputará o 18 de outubro. O itinerario, de 11,4 quilómetros e marcado pola súa esixencia técnica, partirá da estrada de Estraxiz e finalizará nas inmediacións do Mosteiro, con dúas pasadas programadas ás 18:45 e ás 22:25 horas. A inclusión de Samos chega ademais como o gran broche do campionato, xa que será o último treito tanto da proba lucense como do propio Campionato Galego de rallys. A alcaldesa, Chus López, subliñou que desde a chegada do seu equipo ao goberno municipal “multiplicáronse as actividades en todos os ámbitos” e destacou a relevancia deste anuncio, asegurando que se trata dunha das competicións deportivas máis importantes de Galicia e do Estado, cun tramo final que pode ser decisivo para o resultado. Pola súa parte, o vicepresidente



da Deputación de Lugo, Efrén Castro, reafirmou o apoio institucional ao Rally San Froilán, que definiu como un dos maiores expoñentes da paixón polo automobilismo na provincia. Ademais, valorou que o percorrido sexa unha oportunidade de dinamización social para os con-

cellos polos que transcorre. O Rally, que conta un ano máis co patrocinio principal da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, tamén pasará polos municipios de Outeiro de Rei, O Corgo, O Páramo e Sarria, sumando a Samos como a gran novidade desta edición.



Andrés Silva e Lucas Suárez firman como profesionais co CD Lugo

Os xogadores canteiráns Andrés Silva e Lucas Suárez, de 17 e 18 anos, veñen de rubricar o seu primeiro contrato profesional co Club Deportivo Lugo. A partir de agora, os dous futbolistas de categoría xuvenil A seguirán defendendo a camiseta, con presenza tamén no CD Lugo B, para seguir escalando na estrutura deportiva do club. O director deportivo, Javi Recio, en coordinación con Álex Ortiz, adestrador do CD Lugo B, simbolizaron coa firma do contrato e a foto cos canteiráns a unión que se promove desde o club entre canteira e primeiro equipo. Esta medida encaixa na estratexia

da entidade albivermella, que reafirma o seu compromiso coa profesionalización da canteira. Tal e como xa destacaran no mes de xuño o presidente do club, Ronald Baroni, e o director xeral, Adrián Raguza, o traballo de formación de xogadores é fundamental tanto para reforzar o primeiro equipo como para xerar proxección de futuro. “Dámoslle moitísimo valor á canteira, porque require un gran esforzo e queremos formar futbolistas que poidan ter presenza no primeiro equipo, pero tamén para que no futuro teñan saída no mercado”, subliñaron.

Ceden instalacións municipais ás escolas deportivas para a nova tempada

O Concello de Lugo vén de anunciar que poñerá a disposición das preto de vinte escolas deportivas da cidade as instalacións municipais de maneira gratuíta para o desenvolvemento das actividades previstas na tempada 2025-2026. Esta cesión, que beneficia a un total de 17 clubs lucenses, pretende facilitar o acceso ao deporte da mocidade e ofrecer un amplo abano de opcións formativas. As sesións levaranse a cabo nos polideportivos de Frigsa, O Palomar e Daniel Córdido, ademais da Casa do Deporte, a piscina de As Pedreiras e o Pavillón Municipal dos Deportes. Tamén se empregarán o Pazo Provincial dos Deportes e diversos colexios da cidade como sedes dalgunhas modalidades. O programa municipal inclúe un total de 17 disciplinas: aikido, baloncesto, balonmán, béisbol, esgrima, hóckey liña, ciclismo, MTB, loitas olímpicas, patinaxe, triatlón, piragüismo, rugby, taekwondo, tenis, tenis de mesa e ximnasia rítmica. En función da actividade, algunhas escolas contarán con matrícula gratuíta, mentres que noutras será necesario aboar unha cota de inscrición.

De Santa Cilla do Valadouro ao ceo do piragüismo mundial

O focego Nicolás Martínez transformou a loita contra o cancro nun camiño de esforzo e esperanza que o levou ata o título mundial

Por Ana Somoza

O deportista de Santa Cilla do Valadouro, no concello de Foz, proclamouse recentemente campión do mundo de maratón de piragüismo na categoría KL3 sénior en Hungría. A súa vitoria nos 10.000 metros, por diante dos representantes de Xeorxia e Francia, foi moito máis ca un éxito deportivo: simbolizou a superación dunha historia vital marcada pola enfermidade, o esforzo e a esperanza.

Martínez competiu co Club Fluvial de Lugo, entidade á que está fondamente agradecido porque, segundo confesou, “sen o Fluvial agora mesmo non estaría aquí, xa que foron os que me acolleron cando non era ninguén”. O seu triunfo mundial ten detrás unha longa traxectoria de constancia, marcada por momentos difíciles e por unha disciplina de adestramento que combina tanto a parte física coma a mental.

A EMOCIÓN DA VITORIA. O piragüista recoñeceu que os últimos metros da carreira en Hungría foron unha experiencia única. Explicou que cando estaba encarrando os últimos 300 metros xa se vía campión, porque os seus rivais viñan un pouco atrasados. “Non mo estaba crendo”, lembrou, pero ao cruzar a liña de meta sentiu “unha satisfacción brutal”. Ese intre quedará gravado na súa memoria como un punto culminante da súa carreira. Na súa cabeza, ao rematar a proba, apareceu unha imaxe que o acompaña sempre en momentos de esforzo: a do neno de sete anos que tivo que permanecer encamado polo cancro na perna dereita. Recordou que daquela lle dixeran que non podería practicar case ningún deporte, e por iso sentirse hoxe campión do mundo enchíalle de orgullo.

ENFERMIDADE E SUPERACIÓN.

A vida de Nicolás Martínez estivo marcada desde a infancia por un osteosarcoma diagnosticado aos sete anos. El mesmo contou que pasaron cinco anos nos que en cada consulta ao traumatólogo lle preguntaba se podía probar un deporte diferente, e a resposta sempre era negativa. “Despois de cinco anos atopei o piragüismo”, relatou, e ese descubrimento converteuse na súa táboa de salvación. A día de hoxe, asegura estar curado do cancro, pero convive con

secuelas importantes. Ten unha prótese de fémur, outra de tibia e outra de cadeira, menos musculatura na perna dereita e mesmo lle falta unha parte do cuádriceps. Ademais, vive cunha diferenza de 5,5 centímetros entre unha perna e a outra. Con todo, nunca deixou que esas limitacións freasen o seu camiño cara ao deporte de elite.

UN PAPEL FUNDAMENTAL. Martínez quixo subliñar o apoio constante da súa contorna máis próxima. Destacou que a familia e os amigos son fundamentais, sobre todo nos momentos nos que as cousas non saen ben. “No último mundial todo saíu perfecto e todo o mundo está aí para felicitarte, pero cando as cousas non saen ben son eles os que están”, indicou, convencido de que ese acompañamento é o que realmente importa. Tamén dedicou palabras de agradecemento

que o seu día a día baséase en maximizar o rendemento, e non só durante as horas de adestramento. Apuntou que adestra practicamente todos os días da semana, e ás veces dúas veces ao día, combinando sesións de piragua, ximnasio e traballos aeróbicos. Ademais, asegurou que é necesario coidar aspectos que a miúdo se subestiman: a alimentación, o descanso ou mesmo o control do estrés. Segundo dixo, todo inflúe para poder estar ao cento por cento na seguinte sesión. Para el, a disciplina é un elemento tan importante coma a forza física.

PARTE MENTAL. Martínez tamén puxo o acento no factor psicológico. Considera que a parte mental é “importantísima”, porque un deportista pode estar en condicións físicas excelentes, pero se non está ben de cabeza, ese día non renderá. A súa visión é



“Nos últimos 300 metros xa me vía campión, os rivais quedaran un pouco atrás. Cando crucei a meta sentín unha satisfacción brutal”

ao Club Fluvial de Lugo. Recoñeceu que foi esa entidade a que lle abriu as portas cando non era coñecido e a que o axudou a chegar ao nivel actual. “Grazas a eles conseguín ser campión do mundo e estar concentrado co equipo nacional”, afirmou, cun ton de gratitude sincera.

DÍA A DÍA. A preparación dun campión do mundo non se improvisa. O deportista explicou

clara: a preparación mental non se pode descoidar nun deporte tan esixente como o piragüismo de alto nivel.


ESTUDOS E DEPORTE. A súa vida non se reduce á piragua. Nicolás marcha a Sevilla para poder compaxinar os estudos de Informática cos adestramentos. Admitiu que esa combinación é moi complicada, xa que o rendemento deportivo consume moitísimo tem-



po. Con todo, decidiu continuar estudando porque entende que é un camiño necesario para o seu futuro máis alá do deporte.

LEMBRANZAS. Entre todos os momentos vividos ata agora, Martínez destacou especialmente a súa primeira competición internacional, un europeo celebrado en Portugal en 2023. Confesou que naquela ocasión sentiu por primeira vez que realmente conseguira abrirse paso. “Nicolás, conseguíchelo”, dixo para si mesmo, consciente de que estaba a superar barreiras que antes parecían imposibles.

“Sempre que acabo unha competición importante vénseme á cabeza a imaxe do neno que tivo que estar encamado polo cancro”



CHARLAS E SUPERACIÓN. O piragüista non só compite: tamén se converteu en referente para outras persoas que atravesan dificultades. Explicou que participa en charlas organizadas por entidades como a Fundación Elena Terte, que promove o diagnóstico precoz do osteosarcoma. Indicou que o obxectivo destas sesións é transmitir aos nenos e ás familias que, aínda que teñan un

problema de saúde grave, poden seguir adiante. Comentou que nelas interveñen traumatólogos de primeiro nivel europeo e que el acode como exemplo vivo de superación, compartindo escenario con pacientes que buscan esperanza.

O FUTURO: NOVOS RETOS. Conseguido o título mundial, Martínez non pensa en relaxarse. O seu obxectivo inmediato é seguir adestrando ao máximo nivel e preparar novos desafíos. Entre eles, mencionou a posibilidade de converterse no novo campión do mundo doutra disciplina acuática, “como os 200 metros por exemplo”. A ambición e a ilusión seguen intactas, e a súa traxectoria promete máis capítulos de éxito.

NOVAS XERACIÓNS. Preguntado sobre que mensaxe lle daría aos nenos, respondeu cunha reflexión persoal: para el o deporte foi fundamental. Lembrou que de pequeno era un rapaz moi activo e que a prohibición de practicar deporte foi un golpe durísimo. Por iso, recomendou a todos os rapaces que non deixen de buscar unha actividade que lles apasione. “No meu caso foi o piragüismo o que me salvou”, declarou, animando ás novas xeracións a iniciarse na práctica deportiva.

INSPIRACIÓN. A historia de Nicolás Martínez vai moito máis alá dunha medalla de ouro. É a crónica dun neno que escoitou que non podería facer deporte e que hoxe, despois de superar unha enfermidade devastadora e de convivir con secuelas permanentes, ergueuse como campión do mundo. El mesmo recoñece que cada vez que remata unha carreira ou un adestramento duro, volve á imaxe daquel neno encamado. Esa lembranza dálle forza e fai que valore cada triunfo como unha conquista persoal. A súa vida é un testemuño de resiliencia, esforzo e gratitude, que xa inspira a centos de nenos e nenas e que seguirá servindo de exemplo no futuro.

DE RUTA EN RUTA

Ribadeo: ruta dos miradoiros

Un percorrido que non posúe moita dificultade polo que é accesible para todas as idades

O traxecto desta ruta transcorre por algúns dos espazos máis emblemáticos de Ribadeo. Seguindo o seu percorrido paséase polas rúas do centro histórico da vila, e permite gozar de paisaxes de extraordinaria beleza, tanto na ría como na costa. Ten unha lonxitude de case 12 quilómetros que poden percorrerse a pé, en coche ou en bicicleta, xa que está pavimentada na súa totalidade. A ruta parte da Praza de España e continúa pola rúa Trinidad con dirección á Obispo Veres. Logo, á man dereita, atópase o miradoiro da Atalaia e a capela do mesmo nome, a máis antiga de Ribadeo. Regresando pola mesma rúa báixase polas antigas escaleiras de Martínez para situarse na rúa Antonio Otero. Alternativamente, e sen tomar esas escaleiras, tamén se pode optar por descender pola rúa Amando Pérez en dirección á ría, seguir o paseo marítimo cara á esquerda polo porto deportivo de Porcillán e subir pola rúa Calvo Sotelo, que conduce directamente ao paseo do Faro. A través dun ascenso pouco pronunciado, chégase á rúa Viejo Pancho,

dende onde é posible entrar na primeira calexa á man dereita ata acadar a rúa San Miguel. Posteriormente, séguese con dirección ao Cuartel Vello para desembocar na rúa Calvo Sotelo. Cruzándoa, atopamos o paseo do Faro, que se percorre seguindo o bordo da Ría de Ribadeo a través do

que se poderá gozar dos seus tres miradoiros: a capela de San Miguel, que concede unha excelente vista sobre o porto deportivo; O Cargadoiro, antiga zona de carga de mineral de ferro e a illa Pancha, onde se sitúan os faros antigo e moderno de Ribadeo. Unha vez acadada a illa Pancha, re-

tornamos polo mesmo paseo do Faro en dirección Calvo Sotelo, para, ao final desta rúa, tomar á dereita a rúa San Roque e así poder observar os fermosos edificios burgueses inspirados na arquitectura indiana de principios do século XX. Pasada a capela da Virxe do Camiño, a uns 100 metros comeza a sinaliza-

ción do miradoiro de Santa Cruz, que se atopa a 2,5 km de distancia cara ao interior do municipio e á que se chega logo dun ascenso non demasiado pronunciado. Dende este miradoiro, e xa dende o camiño de acceso a el, pódese apreciar unha excelente panorámica do conxunto da ría de Ribadeo.



DATOS

 4 horas

 12 quilómetros

 Dificultade media

NUEVA GAMA DE TRACTORES
JCB FASTRAC ICON



SOLICITAMOS UNA DEMOSTRACION

 MILLARES TORRÓN SL



Ctra. de Santiago Km.3 (salida Ctra. de Friol) - 27233 - Lugo
Telf.: 982 046 047 - info@millarestorron.com - www.millarestorron.com